


MEMORIA TOMO II
VOLUME 1



MEMORIA

TOMO II VOLUME 1

CONTIDO

I.	PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	7
II.	VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN	79
III.	VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	217
IV.	CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	371



PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

SECCIÓN 04

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa parte, o Decreto 72/2022, do 25 de maio, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e fixou aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

No Decreto 72/2022, do 25 de maio, no seu artigo único dispónse que dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia os seguintes órganos superiores:

- Secretaría Xeral da Presidencia, á que está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
- Secretaría Xeral de Medios, á que está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación.
- Secretaría Xeral da Emigración.
- Asesoría Xurídica Xeral, con rango de Secretaría Xeral

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia

- a) A Axencia de Turismo de Galicia, que se axusta nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia; no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.
- b) As delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

O desenvolvemento desta estrutura orgánica lévase a cabo a través do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 117, do 20 de xuño de 2022, tendo como premisas os criterios de máxima eficacia e economía na organización administrativa.

A Presidencia contará coa Oficina de Asesoramento Especial e Apoio á Presidencia da Xunta de Galicia e coa Xefatura de Comunicación.

Tamén están adscritas aos órganos superiores dependentes da Presidencia os seguintes órganos colexiados:

- O Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, creado polo Decreto 276/1999, do 21 de outubro, adscrito á Secretaría Xeral de Medios.
- O Consello de Comunidades Galegas, regulado pola Lei 7/2013, do 13 de xuño, de galegidade, e polo Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regula-

to de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, adscrito á Secretaría Xeral da Emigración.

- O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, regulado polo Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, adscrito á Axencia de Turismo de Galicia.
- O Consello de Turismo de Galicia, regulado polo Decreto 149/2012, do 5 de xullo, á Axencia de Turismo de Galicia.
- A Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago, regulada polo Decreto 107/2016, do 4 de agosto, á Axencia de Turismo de Galicia.
- A Comisión Organizadora do Xacobeo 2021, creada polo Decreto 4/2018, do 11 de xaneiro, á Axencia de Turismo de Galicia.
- O Comité Camelia Galicia, regulado pola Orde do 25 de maio de 2020 pola que se establece a ordenación da Ruta dos Xardíns da Camelia e se crea o Comité Camelia Galicia, á Axencia de Turismo de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 108/2022, do 20 de xuño, son as que se indican a seguir:

SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA

A Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de apoio e asistencia técnica á Presidencia da Xunta de Galicia.

Correspóndelle en particular, entre outros:

- a) A asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Presidencia.
- b) A coordinación da planificación interdepartamental e a comunicación, nos asuntos xerais, coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia da Xunta de Galicia, así como as que lle sexan delegadas pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.
- c) A coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no artigo único, letra a), punto I, do Decreto 72/2022, do 25 de maio, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

- d) A elaboración de estudos e informes para a Presidencia da Xunta.
- e) A coordinación dos asuntos xerais da Presidencia da Xunta que así o precisen.
- f) A coordinación da elaboración dos orzamentos da Presidencia.
- g) A xestión do persoal da Presidencia nos termos establecidos neste decreto.
- h) As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Secretaría Xeral da Presidencia.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio directo á Presidencia.

Correspóndelle en particular:

- a) Prestar asesoramento en todos os asuntos e materias que dispoña a Presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para os efectos de facilitarlle a coordinación da acción de Goberno.
- c) Solicitar das institucións públicas e privadas a información que demande para o exercicio das súas funcións.
- d) Preparar os documentos e informes que sexan necesarios para a súa interlocución ou toma de decisións.
- e) Prestar asistencia para a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia.
- f) A coordinación das actividades da Casa de Galicia en Madrid.
- g) O Secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas, coa excepción da asistencia ás súas sesións, exercendo as competencias que se sinalan nas normas reguladoras de réxime interior da Xunta de Galicia.
- h) A defensa dos asuntos da Presidencia da Xunta na Comisión de Secretarios Xerais e o apoio á persoa titular da Presidencia no sometemento daqueles ao Consello da Xunta.
- i) A xestión da documentación da Presidencia da Xunta de Galicia.
- j) Realizar aquelas outras actividades ou funcións que se lle encomenden.

Para o exercicio das súas competencias, a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia conta coa Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación, á que lle corresponden as seguintes competencias:

- a) A realización dos informes que lle sexan encomendados pola persoa titular da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
- b) O estudo dos asuntos que teñan que elevarse á Comisión de Secretarios Xerais e ao Consello da Xunta de Galicia.
- c) O apoio á persoa titular da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia no labor de solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías.

- d) A edición do Diario Oficial de Galicia.
- e) En xeral, a asistencia e xestión de cantos asuntos lle sexan encomendados.

Queda adscrita á Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia a Casa de Galicia en Madrid que, como sede da Xunta de Galicia en Madrid, desenvolverá as actividades previstas no artigo 11 do Decreto 108/2022, sen prexuízo da coordinación dos demais departamentos da Xunta de Galicia das actividades que se poidan desenvolver nela.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a supervisión e coordinación da política informativa e de comunicación da Xunta de Galicia; a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia, así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

Correspóndenlle as competencias en materia de emigración e retorno, e en particular as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior; así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as políticas de emigración e retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior que faciliten a súa integración na sociedade galega, o Rexistro de Galeguidade e o Asento de Galegas e Galegos do Exterior, a coordinación dos órganos de participación das comunidades galegas e, en particular, do Consello de Comunidades Galegas e da súa comisión delegada, a execución das previsións contidas no capítulo V do título II da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e as previstas na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior e en xeral, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior e como órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito da emigración e do retorno, as recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

Así mesmo, o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, adscribe as delegacións exteriores da Xunta de Galicia á Presidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emigración.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Co rango de secretaría xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, que ten como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, procedeuse ao desenvolvemento da citada disposición adicional, creando a Axencia de Turismo de Galicia e regulando os aspectos referidos á organización e funcionamento da axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financeiro e o seu réxime patrimonial e de contratación.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

- a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.

- b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.
- c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma.
- d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
- e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos turísticos de Galicia.
- f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
- g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.
- h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.
- i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.
- j) A coordinación da participación da comunidade autónoma nas exposicións universais.
- k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.
- l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.
- m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.
- n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.
- o) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

- p) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- q) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

1.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, (en diante Corporación RTVG), a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico con forma de sociedade anónima e con capital participado na súa totalidade pola Comunidade Autónoma de Galicia. A Corporación RTVG goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canais de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Esa función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canais xeneralistas e temáticos, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

I.- SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA.

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

O Decreto 72/2022, do 25 de maio, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

E, pola súa banda, o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, estableceu a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido nestes decretos, pasan a formar parte da Presidencia da Xunta de Galicia, a Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de Secretaría Xeral; a Axencia de Turismo de Galicia; o Diario Oficial de Galicia; e o secretariado do Goberno, coa finalidade de instrumentar as funcións de coordinación da planificación interdepartamental.

En consecuencia, os orzamentos de 2023 reflicten as dotacións necesarias para afrontar o desempeño destas atribucións que se derivan desta nova estrutura.

A Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de apoio e asistencia técnica á Presidencia da Xunta de Galicia.

En 2023 continuarase a reforzar, nos asuntos xerais, a coordinación da planificación interdepartamental en colaboración con todas as consellerías e co resto dos órganos superiores e de dirección da Xunta de Galicia.

2.- SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual.

Neste senso, establécense como principais funcións da Secretaria Xeral de Medios as seguintes:

- A divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia.

- A xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social e comunicación audiovisual.
- A coordinación da política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- A coordinación da transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada na política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- A proposición e o desenvolvemento da normativa referente a comunicación social e a publicidade.
- A elaboración, coordinación e seguimento relativo ao manual e normas sobre a identificación corporativa da Xunta de Galicia.
- O estudo, preparación e tramitación de cantas actuacións correspondan á Xunta de Galicia para o desenvolvemento e efectividade das previsións do artigo 34 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación coa radio, televisión e medios de comunicación social.
- A realización de estudos e a súa coordinación sobre materias relativas a todos os sectores da información e medios de comunicación en xeral.
- As competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto na lexislación básica en materia de comunicación audiovisual e, se é o caso, a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non supere os límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación.
- A implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- A dirección e coordinación das actuacións en materia de comunicación audiovisual e multimedia, e todos os aspectos que deriven da aplicación destas tecnoloxías no ámbito da comunicación.

En 2023, a Secretaría Xeral de Medios continuará desenvolvendo todas as funcións que ten asignadas, entre as que se inclúen, as labores de coordinación da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia e dos contidos ofrecidos, no eido dixital, nas relacións coa cidadanía e coas institucións.

3.- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN.

A Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno.

Á Secretaría Xeral de Emigración correspóndelle a xestión do programa de gasto 312C, “servizos sociais relativos ás migracións”, que ten como obxecto as actuacións de apoio ós cidadáns galegos no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, co fin de fomentar a súa participación na vida social, cultural e económica de Galicia e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, desenvolve as accións encamiñadas á integración social e á inserción profesional e laboral do colectivo de galegos que deciden retornar á súa terra.

En 2023 vaise continuar coas actuacións de apoio tanto ás persoas galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social, como ás persoas retornadas que necesitan un soporte económico no momento da súa chegada e que se fan aínda máis imprescindibles no momento actual.

No referente ás políticas de emigración, debemos destacar que na actualidade existen distintos países de Latino América nos que os seus cidadáns están vivindo unha importante situación de precariedade económica e socio asistencial, por canto os sistemas públicos nos seus países de residencia, e máis especialmente en Cuba, Venezuela e Arxentina, non son capaces de dar cobertura suficiente á poboación, polo que na actualidade, as galegas e os galegos residentes nestes países, e especialmente o máis maiores, son o colectivo máis vulnerable e en moitos casos sofren situacións de necesidade e de exclusión social.

É por iso que no 2020, 2021 e 2022, fixemos un esforzo para lograr chegar ás galegas e aos galegos residentes no exterior en situación de vulnerabilidade e que debemos continuar no 2023. Así se reforzan as axudas, con respecto a 2022, con carácter xeral.

Cos programas de axudas sociais de carácter individuais (Axudas de Emerxencia Social) chegamos no 2020 e 2021 a máis de 15.000 familias, números que manteremos para as axudas deste 2022. Estes programas están dirixidas ás persoas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega, e a determinados familiares, residentes nos países do estranxeiro, que se encontran en situación de precariedade económica.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolve outro programa destinado ás galegas e galegos residentes no exterior tamén de carácter social, como é o “Reencontros”. A finalidade deste programa é a de promover o contacto de galegas e galegos residentes no exterior coa súa terra e coas súas familias, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia, mediante unha viaxe a terra que os viu partir.

Nesta mesma liña, tamén desenvolvemos o programa Conecta con Galicia e Campos de voluntariado, destinado aos máis novos e que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares.

Seguimos moi pendentes de todas as entidades galegas do exterior, que durante o período de pandemia pasaron un dos momentos máis difíciles que recordan, razón pola que a Secretaría Xeral da Emigración fixo un importante esforzo de xestión e orzamentario para que recibiran

un apoio extraordinario xa no 2020 e que volvemos facer no 2021 e 2022, para que ningunha se quede no camiño.

Reforzáronse dende o inicio do período de pandemia as colaboracións con aquelas entidades de carácter social, como residencias de anciáns, centros de día e centros de asistencia socio-sanitaria, coas que chegamos a máis de 20.000 galegos máis maiores e vulnerables do exterior, cada ano.

No tocante aos programas formativos, a Secretaría Xeral da Emigración, co obxectivo de potenciar os costumes e tradicións galegas e posibilitar que as persoas galegas que residen no exterior manteñan os vínculos coa cultura de Galicia, convoca distintos obradoiros formativos de folclore, artesanía, cociña e seminarios de cultura galega, que se realizarán nas entidades galegas do exterior, de xeito que se manteña viva a nosa identidade e se promova a nosa cultura na Galicia exterior.

É importante destacar o programa formativo Escolas Abertas, destinado ás persoas que imparten docencia nas entidades galegas do exterior, para participar nos talleres de especialización co que se lles aporta unha formación especializada e cualificada.

A Secretaría Xeral da Emigración tamén continuará a traballar na proxección exterior da cultura galega e do seu patrimonio, como marca recoñecida e valorada, así como na creación de pontes que faciliten a promoción e posicionamento internacional dos nosos produtos culturais e artísticos.

En materia de retorno, a inicios de 2018 a Xunta de Galicia aprobou a Estratexia Galicia Retoma, que está vixente na actualidade ata a publicación neste mesmo ano dunha nova estratexia, que terá vixencia para os próximos 4 anos. A Estratexia Galicia Retoma converteu ao retorno nun dos eixos fundamentais para solucionar o gran problema demográfico do noso territorio. A pretensión deste traballo é que a medio e longo prazo se logre normalizar un fluxo migratorio positivo e sostido no tempo, que xunto coas políticas de natalidade e conciliación, se convertan nos eixos fundamentais para lograr a reversión da nosa pirámide poboacional.

Deste xeito, o Goberno Galego reforza a súa aposta polo retorno e faino sobre os seguintes fundamentos:

- É unha obriga legal, sustentada entre outras normas, polo propio Estatuto de Autonomía de Galicia, que confire aos galegos e galegas do exterior o dereito de volver á súa terra.
- A realidade demográfica de Galicia, que igual que o resto de occidente, vén experimentando nas últimas década un proceso de transformación social que nos conduce a unha importante problemática demográfica, na que o retorno pode xogar un importante papel.
- É unha oportunidade, que nos ofrece a posibilidade de mellorar tanto a competitividade como a produtividade do tecido empresarial galego.

A Estratexia Galicia Retoma foi pioneira en todo o Estado Español, como instrumento capaz de marcar as liñas de traballo de toda unha administración converténdose nunha das políticas estruturais da nosa comunidade autónoma. Tanto é así que a regulación en materia de retorno que estableceron a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento de Galicia, viñeron a transformar estas políticas de goberno en materia de retorno, nunha política de país.

Por este motivo, debemos facer un importante esforzo, non só para manter os orzamentos destinados ao retorno, senón que debemos seguir impulsando e incrementando a execución destas políticas, non só da Secretaría Xeral da Emigración, senón de todos os departamentos da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona 3 liñas de traballo específicas e dirixidas as familias retornadas de forma exclusiva, así como a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao retorno cuxo obxectivo principal é prestar unha atención global e unificada ás persoas galegas retornadas e ás súas familias de cara á súa efectiva integración.

Outra das axudas específicas en materia de retorno da Secretaría Xeral da Emigración son as Axudas extraordinarias galegos retornados. A situación de crise social, económica e política, acrecentada polos importantes procesos inflacionarios en moitos países de América Latina, está provocando que continúe o fluxo migratorio dende eses países de familias en condicións de vulnerabilidade. É por iso que estas axudas son máis necesarias que nunca para axudar aos que están a retornar e o seguirán a facer no próximo ano. Estas axudas están destinadas a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do retorno.

Debemos tamén referirnos ás axudas aos galegos retornados emprendedores, que é un programa destinado á promoción dos traballadores autónomos e á creación de emprego dos galegos retornados que tamén contan con outros programas de axudas por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dende a súa posta en marcha, xa son case 600 os proxectos aos que axudamos.

Outra das liñas específicas que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración en materia de retorno é o programa BEME -Becas de Excelencia á Mocidade Exterior- que permite cursar máster nalgunha das tres universidades de Galicia a galegas e galegos ou descendentes, residentes no estranxeiro.

4.- ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaría xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos

da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Para o ano 2023 continúaase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo de todos os entes do sector público autonómico. Naqueles casos excepcionais nos que isto non sexa posible e se recorra, a un contrato externo, a Asesoría Xurídica Xeral conserva o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Deste xeito, refórzase o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control legal, o que se traduce nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Asemade, este control transversal permite tamén procurar o seguimento dos modelos de colaboración entre entes do sector público autonómico previstos na guía da colaboración horizontal, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que facilita aos órganos da Xunta a subscripción de encomendas de xestión e acordos de colaboración que permitan poñer en práctica o principio de autoprovisión inserido na devandita lei de racionalización.

Tamén se pretende, neste ano 2023, ao igual que no ano 2022, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

En particular, tendo en conta a importancia dos fondos comunitarios previstos para estas atencións, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia debe seguir potenciando a utilización das modalidades de compra pública innovadora, mantendo o papel acadado por Galicia como unha das comunidades autónomas máis avanzadas neste campo. A asesoría xurídica pretende actuar como centro de apoio das competencias en materia de contratación de innovación, transferencia e investigación no eido do sector público e de intercambio de boas prácticas con respecto á contratación estratéxica de innovación, investigación e transferencia en sectores clave. O obxectivo tamén é formar aos compradores do sector público para unha aplicación eficaz e estratéxica da normativa de contratación pública.

Do mesmo xeito, a aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores no concreto proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

No ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a asesoría xurídica velará pola aplicación da Lei de impulso demográfico en canto ao establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da comunidade autónoma.

Así mesmo, de acordo coa Guía para unha contratación pública aberta a PEMES e empresas incipientes, a Asesoría Xurídica Xeral desempeña un papel importante no deseño dos pregos e expedientes contractuais trasladando orientacións aos órganos de contratación acerca de como aplicar o réxime de contratación pública de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público.

As PEMES considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da UE e, por ende da economía galega, e para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos. A maior participación das PEMES nas compras públicas xerará unha competencia máis intensa pola obtención de contratos públicos, o que ofrecerá aos poderes adxudicadores unha mellor relación calidade-prezo e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A Asesoría Xurídica Xeral segue a ser polo tanto peza clave para velar pola incorporación de medidas e boas prácticas que garantan o acceso das PEMES e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

Tamén debe destacarse que segundo a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a Asesoría Xurídica Xeral debe asistir á administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrència.

Neste sentido, a Asesoría Xurídica Xeral colaborará no marco da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia coa Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU para a aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

Nesta mesma liña, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica Xeral seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica Xeral dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos.

Nese sentido, para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa intensificarase a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, mediante a asistencia dos/das letrados/as da Xunta de Galicia nas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participa na aplicación das medidas impulsadas pola Administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

A Asesoría Xurídica Xeral continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 21 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Durante o ano 2023 a Asesoría Xurídica Xeral continuará desenvolvendo o seu labor de asesoramento e colaboración ás autoridades sanitarias no caso de ser necesario e de que se produzan situacións similares á crise da pandemia vivida nestes últimos anos na elaboración e aprobación de posibles medidas preventivas co obxecto protexer a saúde pública, así como continuar exercendo as súas funcións de defensa e representación en xuízo na defensa destas medidas.

En efecto, estas funcións da asesoría xurídica, que conxugan o plano de asesoramento, de asistencia na elaboración de disposicións de carácter xeral e de representación e defensa en xuízo, téñense demostrado nos anos 2020, 2021 e 2022 como fundamentais na acción da administración pública galega contra a pandemia, pois esta loita debe realizarse sempre no marco do ordenamento xurídico, o que exige que as medidas se adopten de forma motivada, que sexan o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, e, en particular, que sexan necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido.

Neste sentido, os froitos obtidos nestes anos 2020, 2021 e 2022 teñen sido moi relevantes, en beneficio dos intereses públicos e da cidadanía, como se evidencia na gran aceptación social que teñen concitado as medidas aprobadas e a obtención, en todos os moi numerosos casos (máis dun centenar) nos que se solicitou, das autorizacións ou ratificacións xudiciais necesarias cando as medidas afectaban a dereitos fundamentais. Tamén debe facerse unha valoración moi positiva do resultado da defensa en xuízo no caso da impugnación xudicial das medidas preventivas adoptadas.

Por último, respecto ao plan anual normativo previsto para o ano 2023, pódense destacar, entre outras, as seguintes iniciativas que esixirán a intervención da Asesoría Xurídica Xeral no

marco das funcións previstas Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público:

- O anteproxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- O anteproxecto de lei de arquitectura de Galicia.
- Realizarase unha renovación da normativa en materia de prevención do consumo de alcohol e incorporando lexislación sobre a prevención do consumo de tabaco.
- O anteproxecto da lei de calidade alimentaria.
- Realizarase unha modificación da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- O anteproxecto da lei de prevención e extinción de incendios forestais.
- O anteproxecto da Lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta.
- Revisión da normativa legal sobre montes veciñais en man común de 1989.
- O anteproxecto de lei reguladora do sistema integrado para a xestión de dexeccións gandeiras xeradas nas explotacións da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O anteproxecto da lei do clima de Galicia.
- O anteproxecto de lei de desenvolvemento da “Galicia Intelixente”.
- O anteproxecto de lei de estatística de Galicia.
- O anteproxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.
- O anteproxecto de lei de investigación e innovación de Galicia.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Axencia de Turismo de Galicia ten como liña estratéxica a realización de accións para desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permitan construír un destino único e diferencial, articulado ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha xestión, que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo.

No segundo ano do Xacobeo 21-22, no ámbito da Xunta de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia volveu a incrementar os seus orzamentos para afrontar o Xacobeo 2022 e proseguíu coa política de fortalecemento e adaptación do sector turístico.

No ano 2022, Galicia logrou consolidar a reactivación da súa afluencia turística, incluído o Camiño de Santiago. Este logro tivo, sen lugar a dúbidas, a súa base no posicionamento da comunidade autónoma como destino turístico seguro e de calidade. Así, Galicia atraeu ao turismo

nacional e internacional ata acadar algúns rexistros históricos. No mes de agosto xa se superaron os rexistros do último Ano Santo de 2010 e a finais do mes de setembro superouse a cifra de récord do ano 2019 de 347.559 Compostelas entregadas, polo que o ano 2022 rematará como o ano de maior afluencia de peregrinos dende que hai rexistros.

O 2023 será clave para seguir nesta liña e para continuar avanzando na recuperación do mercado estranxeiro.

Durante o ano 2022 o sector turístico estase vendo afectado, principalmente, pola subida dos custos enerxéticos e o aumento de prezos xeral dos produtos.

Neste sentido, a Xunta de Galicia adoptou unha serie de medidas orientadas á cidadanía ante a suba de prezos, coa finalidade de lograr a reactivación do sector, que terán continuidade no 2023:

- Medidas de mellora da oferta turística e da eficiencia enerxética dos establecementos: como medida a medio prazo para lograr o obxectivo dun sector turístico máis eficiente enerxeticamente vaise a seguir traballando na liña de axudas que incidan na dixitalización do sector e na consecución de importantes melloras en materia de eficiencia enerxética. Neste sentido, no mes de febreiro publicouse unha convocatoria de 2 M € para a mellora dos establecementos turísticos que busca a mellora da calidade, da dixitalización e da eficiencia enerxética.

Nesta mesma liña, a Axencia de Turismo de Galicia vai publicar, a finais do mes de outubro, outra convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética dos establecementos. As axudas previstas nesta convocatoria, financiarán accións de aforro enerxético por importe de 7.8 millóns de euros.

Por outra banda, a Axencia de Turismo de Galicia tamén ten por obxectivo a conservación, mantemento e promoción dos Camiños de Santiago. Así, considérase esencial continuar co mantemento dos diferentes Camiños de Santiago, polo que a comezos do 2023 se procederá a licitar un novo contrato de mantemento e recuperación dos mesmos.

Así mesmo, tamén se prevé que no ano 2023 entren en funcionamento os albergues de peregrinos situados en Ferrol e en Piñor. Igualmente, no momento en que o concello da Coruña ceda os terreos á Xunta de Galicia para a construción dun albergue na cidade, a Axencia de Turismo de Galicia procederá de inmediato a redactar o proxecto para executar a referida obra.

O ano 2023 será o primeiro ano posterior aos dous anos Xacobeos e polo tanto os orzamentos para o seguinte exercicio recollen as partidas necesarias para seguir apoiando o sector turístico en Galicia no que, agardamos, o sector turístico poida consolidar e mellorar os datos deste ano 2022, e que os cidadáns nacionais e estranxeiros sigan elixindo Galicia como destino turístico.

Neste sentido, no ano 2023 porase en marcha o Bono Xacobeo Familia: co obxectivo de empregar unha ferramenta que tan bos resultados deu ao conxunto do sector turístico como foi o Bono Turístico pero enfocada á desestacionalización do Camiño de Santiago animando a outros colectivos, como as familias, a vivir a experiencia da peregrinación co obxectivo de que poidan viaxar conxuntamente e ter descontos nos albergues privados en primavera, outono e inverno.

O despregue dos Plans de Sustentabilidade en Destino aprobados pola Conferencia Sectorial de Turismo para Galicia, tanto con carácter ordinario como extraordinario, continuarán a ter un papel importante nos orzamentos do no 2023.

Así, a Xunta de Galicia liderará o desenvolvemento de tres Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino de Galicia atendendo ás prioridades de actuación definidas pola administración autonómica:

- Plan Territorial 2021: Litoral.
- Plan Territorial 2022: Enogastronomía.
- Plan Territorial 2023: Vilas Termas e Cascos Históricos.

Os tres están completamente en liña cos obxectivos de traballo definidos por Europa en canto a transformación económica e social e coa liña de traballo na que leva traballando a Xunta nos últimos anos, en colaboración co sector.

En todos eles, a Xunta de Galicia asume o reto de identificar as prioridades de cada anualidade e a revisión do aliñamento dos proxectos tractors a presentar con respecto a esas prioridades, sen esquecer que os proxectos deben incluír os eixos prioritarios de actuación (transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e competitividade) e que contarán con liñas de axuda orientadas ao sector.

A Xunta comezou a traballar en 2021 no Plan Territorial do Litoral no que se abordaron actuacións en cuestións de fachadas do litoral, rutas de mobilidade sostible, educación marítima, ou a sinalización de praias.

O Plan Territorial do Litoral busca mellorar e potenciar o litoral galego actuando sobre recursos naturais, culturais e patrimoniais e sobre infraestruturas e equipamentos, concienciando sobre a súa conservación, apostando pola súa rehabilitación e destacando o seu valor, promovendo a xestión sustentable, competitivo e con proxección e comercialización nacional e internacional.

Deste xeito, está previsto que no ano 2023 e dentro deste plan se leven a cabo accións de revalorización de Portos e Actividades Náutico-Deportivas e unha orde de convocatoria de mellora da fachada litoral.

O Plan Litoral, dotado con 29,2 millóns de euros, coexistirá co Plan Enogastronómico, dotado con 31,7 millóns de euros que se prevé que sexa aprobado en Conferencia Sectorial na última parte do ano 2022. E no 2023 contaremos coa posta en marcha do Plan de Vilas Termas e Cascos Históricos.

A través do Plan de Enogastronomía: impulsaranse actuacións no ámbito gastronómico que permitirán afondar no desenvolvemento sustentable dos territorios vitivinícolas do interior de Galicia, dándolle continuidade a proxectos como:

- Plan Galicia Sabe.
- Plan Dinamización dos Territorios Vitivinícolas.
- Plan Estratéxico del Turismo Rural de Galicia.

Pola súa banda, o Plan Vilas Termas e Cascos Históricos: pivotará arredor de dous piares, o desenvolvemento do termalismo galego, como un dos produtos turísticos con maior grao de especialización e singularidade, e actuacións en destinos urbanos que precisen afondar na rehabilitación dos seus cascos urbanos para a súa posta en valor ou creación de novos usos orientados a ofrecer propostas turísticas sustentables.

Ademais, coa finalidade de afondar na posta en valor turístico do termalismo, no 2023 entrará en funcionamento a nova área termal da Xunta de Galicia con sede na cidade de Ourense.

Ademais, no ano 2023 levarase a cabo a restauración e posta en valor dos seguintes Bens de Interese Cultural situados no Camiño de Santiago:

- Fortaleza de Monterrei.
- Castelo de Santa Cruz, na Guarda.
- Edificio do Faro da Illa de Sálvora, en Vilagarcía de Arousa.
- Cárcere Vella de Tui.
- Casco Vello de Mondoñedo.
- Parque do Pasatempo, en Betanzos.
- Ribeira do Lérez desde As Xunqueiras hasta as Aceñas, no Concello de Pontevedra.
- Torre de Hércules, na Coruña.
- Torres do Oeste, no Concello de Catoira.
- A paisaxe cultural da Ribeira Sacra.
- Casa de Valle Inclán, no Concello de Vilanova de Arousa.
- Arquipélago de Ons.

As obras de restauración destes doce Bens de Interese Cultural comezarán no ano 2023 unha vez se asinen os respectivos convenios coas entidades titulares dos mesmos e se redacten cada un dos proxectos de reforma.

En conclusión, os orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2023 perseguen seguir mantendo os valores que identifican o modelo turístico galego, avanzando nun modelo turístico sustentable baseado nun turismo tranquilo e de calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxeos.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A CORPORACIÓN CRTVG

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia encoméndalle a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da comunidade autónoma á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (Corporación RTVG).

As liñas de acción da Corporación RTVG cara ao exercicio 2023, articúlanse, de xeito prioritario, en tres eixes: (1) Garantir unha provisión competitiva e de calidade, do servizo audiovisual público; (2) Incorporar a dinamización incremental da innovación e a tracción que proxecta sobre o sector audiovisual galego en liña cos 4 vectores que a estratexia dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pública: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital; (3) Finalmente, reflectir o compromiso coa estabilidade no emprego da totalidade do seu persoal, garantindo un emprego de calidade e axeitadamente retribuído.

Así, perséguese a provisión dun servizo público eficiente, competitivo e de calidade, desde a súa condición característica de servizo público.

A Corporación RTVG presenta unha importancia social moi relevante como axente da vida colectiva de Galicia no plano institucional, económico e de promoción da lingua e a cultura de Galicia.

As cifras consignadas nos orzamentos permiten potenciar os contidos propios e mesmo a actividade e a relación comercial coa industria audiovisual galega. Os servizos informativos, como núcleo central da prestación, adaptanse ás tendencias da demanda na redefinición da composición temática e de formatos da oferta e da estratexia de marcas e medios, fortalecendo a posición competitiva da corporación. Ao tempo incorpóranse os xéneros clave de servizo público (informativos, culturais, educativos e documentais).

Un servizo eficiente, xa que os valores orzamentarios consignados incentivan unha xestión efectiva das dotacións.

Estase así a propiciar un entorno que contribúa a consolidar melloras corporativas en clave patrimonial, económica e financeira.

Pola súa banda, desde o punto de vista da innovación e transformación dixital, este orzamento garante, coas súas cifras, as dotacións necesarias para financiar o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia. En consecuencia amosa un renovado compromiso coa dinamización da innovación, a transformación dixital e a competitividade. Este cambio se está a executar nunha secuencia de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

As dotacións máis importantes neste ámbito están asociadas á posta en funcionamento da plataforma OTT e a consolidación do proxecto web/app G24 de informativos, cun enfoque mixto como contenedor de redefinición, reaproveitamento do arquivo e difusión de novos contidos nativos dixitais.

Outros proxectos de innovación incremental son, a dixitalización da documentación audiovisual, recepción de sinal das cámaras wifi (mochilas), creación dun canle de “podcast” de audio, “big data”, programación de música á carta, lanzamento dunha canle de noticias G24, cambio e virtualización do plató 300, renovación dos contidos de meteoroloxía e a xeración de contidos educativos para colexios.

En definitiva, perséguese un servizo público media moderno que presta máis e mellores servizos a un menor custo.

Finalmente, os orzamentos para o ano 2023 manifestan o compromiso coa estabilidade no emprego.

A corporación é consciente de que este asunto ten unha relevancia social de primeiro orde. Por este motivo dotáronse os créditos necesarios para atender os compromisos de gasto asociados á execución dun novo proxecto laboral que se articula, de xeito prioritario, sobre un plan de estabilización completa do cadro de persoal cun alcance de 270 prazas.

O obxectivo é mellorar en clave de gobernanza, estabilidade social e recoñecemento ao conxunto dos/as traballadores/as e mesmo na eficiente provisión do servizo público de comunicación audiovisual. Con esta actuación desaparece a temporalidade do cadro, de xeito que a totalidade do emprego da CRTVG instrumentarase a través dun vínculo laboral fixo.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou, este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do Presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Así, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa banda, o Decreto 72/2022, do 25 de maio, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

En base a estas normas, o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, regulou a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas, asegurando tamén a coordinación e comunicación co resto de órganos do sector público autonómico e reforzando a acción coordinada do goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.2. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaría xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Para o ano 2023 continúaase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo dos entes da administración paralela. Naqueles casos excepcionais nos que isto non sexa posible e se recorra, a un contrato externo, a Asesoría Xurídica Xeral conserva o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Deste xeito, refórzase o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control legal, o que se traduce nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Asemade, este control transversal permite tamén procurar o seguimento dos modelos de colaboración entre entes do sector público autonómico previstos na guía da colaboración horizontal, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que facilita aos órganos da Xunta a subscrición de encomendas de xestión e acordos de colaboración que permitan poñer en práctica o principio de autoprovisión inserido na devandita lei de racionalización.

Tamén se pretende, neste ano 2023, ao igual que no ano 2022, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

En particular, tendo en conta a importancia dos fondos comunitarios previstos para estas atencións, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia debe seguir potenciando a utilización das modalidades de compra pública innovadora, mantendo o papel acadado por Galicia como unha das comunidades autónomas máis avanzadas neste campo.

Do mesmo xeito, a aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores no

concreto proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

No ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a asesoría xurídica velará pola aplicación da Lei de impulso demográfico en canto ao establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da comunidade autónoma.

Así mesmo, de acordo coa Guía para unha contratación pública aberta a PEMES e empresas incipientes, a Asesoría Xurídica Xeral desempeña un papel importante no deseño dos pregos e expedientes contractuais trasladando orientacións aos órganos de contratación acerca de como aplicar o réxime de contratación pública de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público.

As PEMES considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da UE e, por ende da economía galega, e para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos. A maior participación das PEMES nas compras públicas xerará unha competencia máis intensa pola obtención de contratos públicos, o que ofrecerá aos poderes adjudicadores unha mellor relación calidade-prezo e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A Asesoría Xurídica Xeral segue a ser polo tanto peza clave para velar pola incorporación de medidas e boas prácticas que garantan o acceso das PEMES e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

Tamén debe destacarse que segundo a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a Asesoría Xurídica Xeral debe asistir á Administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da Administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adjudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrencia.

Neste sentido, a Asesoría Xurídica Xeral colaborará no marco da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia coa Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU para a aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

Nesta mesma liña, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a asesoría xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos

nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da asesoría xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participa na aplicación das medidas impulsadas pola Administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

A asesoría xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 21 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Durante o ano 2023 a asesoría xurídica continuará desenvolvendo o seu labor de asesoramento e colaboración ás autoridades sanitarias no caso de ser necesario e de que se produzan situacións similares á crise da pandemia vivida nestes últimos anos na elaboración e aprobación de posibles medidas preventivas co obxecto protexer a saúde pública, así como continuar exercendo as súas funcións de defensa e representación en xuízo na defensa destas medidas.

En efecto, estas funcións da asesoría xurídica, que conxugan o plano de asesoramento, de asistencia na elaboración de disposicións de carácter xeral e de representación e defensa en xuízo, téñense demostrado nos anos 2020, 2021 e 2022 como fundamentais na acción da administración pública galega contra a pandemia, pois esta loita debe realizarse sempre no marco do ordenamento xurídico, o que exige que as medidas se adopten de forma motivada, que sexan o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, e, en particular, que sexan necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido.

Neste sentido, os froitos obtidos nestes anos 2020, 2021 e 2022 teñen sido moi relevantes, en beneficio dos intereses públicos e da cidadanía, como se evidencia na gran aceptación social que teñen concitado as medidas aprobadas e a obtención, en todos os moi numerosos casos (máis dun centenar) nos que se solicitou, das autorizacións ou ratificacións xudiciais necesarias cando as medidas afectaban a dereitos fundamentais. Tamén debe facerse unha valoración moi positiva do resultado da defensa en xuízo no caso da impugnación xudicial das medidas preventivas adoptadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia diríxese á cidadanía, dado que este centro directivo, e dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función: a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma.

Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses propios da comunidade autónoma, o que redunda, en último termo, a favor do cidadán.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como se sinalou anteriormente, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e, dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

Así, e en canto ao labor de defensa en xuízo da administración, aos preitos seguidos en primeira instancia (polos Gabinetes das catro provincias e de Santiago) hai que sumarlle os recursos ordinarios e extraordinarios (de casación). A todo isto hai que engadirle ademais os preitos e recursos no Servizo Galego de Saúde e das entidades do sector público asistidas mediante convenio de colaboración.

Por outra banda, en canto á función de asesoramento xurídico, hai que ter en conta que a elaboración de informes constitúe unha das principais actividades dos letrados de cada unha das consellerías.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público e, en xeral, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva á administración autonómica e ao seu sector público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos a conseguir son os propios da Asesoría Xurídica Xeral definidos na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e que se concretan no asesoramento á

administración autonómica e ao sector público en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional; no asesoramento á Administración da comunidade autónoma e ao seu sector público en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria; no asesoramento e emisión de informes en dereito á administración autonómica e ao seu sector público; no estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos proxectos de normas regulamentarias e na defensa e representación en xuízo da administración autonómica e das entidades pertencentes ao seu sector público.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O Consello da Xunta na súa reunión de once de xullo de dous mil trece aprobou un Acorde conxunto da Secretaría Xeral da Igualdade e da Asesoría Xurídica Xeral para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

III.1.3. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 312C, servizos sociais relativos ás migracións, atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2015-2020 “Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar”, (OE 2.4.02), na súa vertente da emigración e retorno. O seu indicador de resultado é a porcentaxe de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe actuacións de apoio ás persoas galegas residentes no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan a vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida, minguada pola actual contorna de crise económica e sanitaria derivada da pandemia da COVID-19. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de persoas emigrantes retornadas na nosa sociedade.

O principal obxectivo é asegurar unha vida digna ás persoas galegas que residen no exterior, e á súa descendencia con nacionalidade española, que teñan vinculación con algún concello de Galicia. A maior parte deste colectivo reside nos países latinoamericanos, cuxa situación socioeconómica tomou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade e ausencia de sistemas de protección social, en xeral, e para os colectivos máis desfavorecidos en particular. Esta circunstancia vén de agravarse coa situación provocada pola COVID-19 que continúa a deixar os seus efectos o que demanda accións estratéxicas de protección e auxilio a este colectivo.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. É necesario prestar apoio neste momento en que a crise derivada da pandemia de COVID-19 memou de forma moi significativa os seus ingresos que aínda non se recuperaron, redobrando os esforzos en todas aquelas que desenvolven actividades de carácter social, asistencial e sanitario. Tamén seguiremos apoiando ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas formativas, culturais, informativas, de xuventude e contribuír á promoción e sostibilidade do patrimonio histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico creado por elas ao longo da súa historia.

No eido do retorno, cómpre promover medidas educativas, laborais e sociais que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración

na sociedade galega. A Secretaría Xeral da Emigración considera de carácter esencial as axudas económicas para aquelas persoas galegas que no momento da súa chegada precisan un soporte facilitador da súa integración na sociedade galega. Tamén resulta de especial interese reforzar a liña de bolsas BEME para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción e futuro profesional en Galicia. Igualmente, é primordial apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración diríxese ao colectivo de persoas residentes fóra de Galicia e á súa descendencia, así como ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia e recoñecidas nalgunha das categorías da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegüidade.

A nosa comunidade autónoma segue a ocupar un lugar destacado a nivel estatal en canto ao volume de persoas retornadas, situándose como a quinta comunidade de España en retorno en termos absolutos en 2021 con máis de 5.336 persoas retornadas, e a segunda se nos referimos ao porcentaxe de persoas emigrantes retornadas. Así mesmo, destas estatísticas despréndese que, en canto á idade, o grupo maioritario de persoas retornadas sitúase dentro do tramo en idade laboral. No 2021, último ano do que se dispón de datos, máis do 81,73% das persoas retornadas tiñan menos de 65 anos e case o 60% teñen menos de 45 anos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A análise de datos da presenza da cidadanía galega no exterior que achegan os sistemas estatísticos español, a través do INE, e o galego, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), sinalan un incremento progresivo de persoas galegas residentes no exterior (é dicir, a suma das persoas emigrantes que naceron en Galicia e a da súa descendencia, xa nada no estranxeiro) nos últimos anos, mentres diminúe o número de persoas emigrantes residentes no exterior. O número total de persoas galegas residentes no exterior -tanto emigrantes como a súa descendencia- é de 529.038 persoas a 1 de xaneiro de 2022, 145.439 máis que en 2009 e 155.519 máis que en 2007, cando entrou en vigor a Lei da memoria histórica, principal causa do aumento do número de persoas que accederon ou recuperaron a nacionalidade española nos últimos anos. Pola contra, o número de persoas emigrantes galegas nadas en Galicia descendeu desde 2009 en 17.223 persoas. Só no último ano esta cifra baixou en 1.465 persoas, mentres o total de persoas galegas residentes no exterior (emigrantes máis a súa descendencia) subiu neste mesmo período en 5.182, do que tamén se pode deducir que se incorporaron 6.671 novas persoas descendentes de persoas galegas ao PERE.

Os estados con maior presenza de cidadanía galega son os do continente americano, o que, tanto en cifras totais como proporcionalmente, tamén amosa un maior incremento da cidadanía galega (122.967 novos/as cidadáns/ás) fronte a Europa (20.493 novos/as cidadáns/ás). A análise comparativa deste incremento entre a poboación galega residente e nacida en Galicia e a nacida no estranxeiro, é unha mostra clara de que estes incrementos non son consecuencia da saída de persoas galegas desde a nosa comunidade autónoma con destino a América, senón do aumento natural da poboación, do acceso á cidadanía por lei e das transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos/as.

Outro dato da presenza en América da cidadanía galega nacida en Galicia é o envellecemento da poboación, xa que a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos residentes neste continente vai dende máis do 97,4% de Arxentina, máis do 96% de Uruguai, o 95% de Cuba, o 93% de Brasil ao 42% dos Estados Unidos de América. Pola contra, a pirámide de idade dos galegos nados no estranxeiro e residentes en América é inversa: rexuenece, contraste especialmente chamativo no caso de países como Venezuela ou México, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro) é menor de 16 anos.

No caso europeo, o incremento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre persoas galegas nadas no estranxeiro, cun crecemento sostido dende o ano 2009, derivado de nacementos de familias emigrantes neste continente e por outra banda de persoas galegas nadas noutros países -esencialmente de América- que emigraron a Europa.

Estes datos obrigan a manter os programas destinados aos galegos na diáspora, así como intensificar todos aqueles que favorezan o retorno á nosa terra, non só das persoas galegas emigradas, senón tamén da súa descendencia.

Nas últimas décadas os países da área de Iberoamérica iniciaron un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socioasistencial das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia directa vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a persoas con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás entidades galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de persoas galegas, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

A necesidade de dedicar maiores esforzos a este programa ven xerada, por unha banda, polo contexto no que se vive nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socio asistencial. Cómpre destacar a especial situación de vulnerabilidade que está a atravesar a poboación galega residente en Venezuela. Pero agora cómpre enga-

dir a crise económica e sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 que agravou esta situación de dito colectivo e tamén provocou unha moi difícil situación social en Arxentina.

En canto ás entidades galegas no exterior, son preto de 200 que desde case cada recuncho do mundo, colaboran co Goberno galego na labor de preservación e difusión da cultura e o patrimonio de Galicia por todo o planeta. América concentra o maior número de entidades seguido de Europa. Con todo, España é, de lonxe, o país que máis entidades ten inscritas no Rexistro da Galeguidade.

A Galicia exterior actual é multicultural: a integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acolida, achéganos unha base demográfica de poboación galega e descendentes con contribucións culturais de países moi variados. Esta riqueza cultural, social e económica é un valor que é necesario incorporar ás entidades galegas do exterior, como vínculo que fortaleza os lazos vitais, culturais e sociais coa Galicia territorial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen as persoas emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e entidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día ...) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que elas mesmas desenvolven.

Un factor que incide positivamente neste programa de gasto é a globalización que nos ofrece a realidade actual da sociedade, a través da poboación galega residente en todos os países que conforman a Galicia exterior, que permite o impulso de actividades de carácter económico e empresarial que fomenten o desenvolvemento e a proxección económica de Galicia no ámbito internacional.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Este feito condiciona que grande parte deste colectivo manteña os vínculos sociais e culturais con Galicia, e demande un apoio por parte da nosa comunidade autónoma á hora de planificar o seu retorno nunha situación de post pandemia global. O Goberno galego é consciente que o noso país dispón dun activo que pode converterse nun dos piares fundamentais para atallar o importante reto demográfico ao que se enfronta a nosa comunidade: os milleiros de persoas galegas de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da Galicia territorial. A Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma transversal, a través das súas consellerías e organismos, políticas destinadas a fomentar o retorno das persoas galegas emigrantes.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Emigración trata de captar para Galicia un retorno emprendedor e de talento entre as primeiras e seguintes xeracións de persoas emigrantes galegas, con vistas a que o retorno da poboación tamén supoña un retorno de capitais en forma de investimento, de riqueza, coñecemento e emprego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, Decreto 66/2014, do 23 de maio de regulación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade e do Rexistro da Galeguidade e Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.
- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e ditadura.
- Estratexia Retorna.
- Estratexia Emigración.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento deste programa, actuarase en base as liñas implementadas na Estratexia Emigración, reforzando as axudas económicas, co obxectivo de paliar as situacións graves de carencia e desprotección en amplos sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensíbeis a este tipo de situacións como o conformado por persoas maiores, cunha demanda de atención específica de carácter sanitario, farmacéutico e de asistencia social cada vez maior; ou naqueles países que están a atravesar unha difícil situación socioeconómica, como Venezuela ou Cuba, e agora tamén Arxentina e Brasil, cuxa situación económica, social e sanitaria viuse moi prexudicada pola crise da pandemia COVID-19 e aínda continúa.

Polo que se refire ás entidades galegas como entidades asociativas, asentadas fóra do territorio de Galicia, que teñen como unha das súas necesidades a súa preservación, é necesario neste próximo ano seguir facendo un esforzo especial para a súa supervivencia xa que están a recuperar as súas actividades. Debemos ademais seguir prestando apoio ás actuacións que realizan estas nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sostibilidade do seu patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico, incentivando no actual contexto os de tipo telemático.

A Estratexia Retorna recolle as accións transversais de apoio ao retorno por parte do Goberno galego, que neste programa en concreto céntranse na contribución a paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas e das súas familias, así como fomentar á súa integración socio laboral na comunidade autónoma,

facilitando instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior, así como información e asesoramento técnico a través dunha plataforma única.

Resulta fundamental colaborar no retorno da mocidade do exterior, mediante as axudas no eido académico, co obxectivo de que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen as persoas galegas con formación universitaria, que residen ou naceron no estranxeiro, e que agora retornan a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación coa comunidade autónoma.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españóis Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2022- extráese que este colectivo está integrado por un 51,45% de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2021, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 66,91% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

O programa inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como un incentivo especial de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

En canto ao papel da muller tanto na Galicia territorial como na exterior está a cobrar un peso cada día maior, que precisa dun apoio firme e constante por parte da administración, polo que un dos principais obxectivos desta secretaría xeral é promover a integración e participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas a través de campañas de concienciación co compromiso de igualdade nos espazos de representación da galegitude e nas colectividades do exterior.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residente no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización de foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galegitude.

No que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribuirá cunha achega económica complementaria para a actividade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

- Realización de congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o mo-

vemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.

- A Secretaría Xeral da Emigración, dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contempla unha liña específica de axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.
- Outra actuación no ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas no programa de axudas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, aváncese cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das entidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de fomento, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O programa 312C –servizos sociais relativos ás migracións- no apartado de emigración, executou axudas de carácter socioasistencial e desenvolveu programas sociais e culturais, dos que nunha porcentaxe dun 61,6% foron mulleres as beneficiarias destas actuacións no ámbito das persoas residentes no exterior.

Na área do retorno, as accións dirixidas ao colectivo en xeral, a porcentaxe de beneficiarias femininas foi dun 63,6%.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCR-

CIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A Secretaría Xeral da Emigración continuará a traballar coa incorporación da perspectiva de xénero na xestión das actuacións que se financian no programa de gasto 312C –servizos relativos ás migracións–.

Entre as dificultades que se detectan para implantar novas estratexias neste ámbito, a máis significativa é que o colectivo ao que se dirixe á acción do dito programa de gasto é na súa maior parte o de persoas residentes no exterior, polo que radica en numerosos países, coas súas propias leis estatais e regulacións propias nesta materia.

Así mesmo, en canto ao fomento da participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección–, detéctanse obstáculos que veñen dados por ser estes órganos colexiados axentes soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas directivas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración.

III.1.4. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como obxecto a promoción dos valores e a imaxe de Galicia, o apoio a proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalísticas e de radiodifusión, así como ás universidades galegas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación social constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galegas.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico, enormemente influído polo rápido desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.
- Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións de comunicación institucional de alcance xeral.

Neste senso, a Secretaría Xeral de Medios incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertinte.

Por un lado, as campañas de comunicación contribúen á igualdade de xénero, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada de homes e mulleres. Ademais, realízanse campañas de comunicación que promoven especialmente a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a perspectiva de xénero.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de adxudicación e de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas, así como para aqueles que obtivesen a Marca galega de excelencia en igualdade.

Recentemente tamén se incluíu nas cláusulas, como criterio de adxudicación, a implantación de medidas de conciliación familiar e laboral, como a flexibilidade temporal (racionalización de horarios) ou espacial (teletraballo).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dentro da programación anual de campañas, cómpre destacar a do 8 de marzo, Día Internacional da muller, que está destinada principalmente á sensibilización e educación co fin de potenciar a igualdade entre mulleres e homes.

Tamén se desenvolve a campaña do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, destinada principalmente á sensibilización e o tratamento integral de cara á erradicación da violencia sexista.

Estas campañas contan cun elevado nivel de difusión, tanto a través da radio como dos xornais escritos e das súas edicións dixitais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As campañas do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller teñen como poboación obxectivo os homes e mulleres de Galicia, sen que exista un tratamento exclusivo ou preferente a persoas dun sexo ou doutro, tendo en conta o obxectivo de reforzar a concienciación social e contribuír a erradicar a violencia de xénero, así como promover actitudes inclusivas e normalizadoras da igualdade entre xéneros.

Estas campañas teñen como público obxectivo a poboación galega en xeral, con rangos de idade diferente dependendo do medio de comunicación a utilizar; no caso de radios e xornais impresos en papel inclúe as persoas maiores de 14 anos; no caso das edicións dixitais as persoas maiores de 15 anos e para a televisión as persoas maiores de 16 anos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Todas as campañas previstas inicialmente realizáronse de conformidade, achegando as mensaxes sobre igualdade e de erradicación da violencia sexista aos homes e mulleres de Galicia, mediante a utilización dos soportes de prensa, radio e internet.

Non existe unha valoración cuantitativa dos resultados, tendo en conta a inexistencia de datos numéricos de avaliación das campañas desagregadas por xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As campañas de publicidade e comunicación institucional xa incorporan a perspectiva de xénero, polo que poden ser consideradas como actuacións óptimas para reforzar a concienciación social en materia de igualdade e para a erradicación da violencia de xénero.

Tanto a creatividade como a planificación das campañas son fundamentais para mellorar o impacto na poboación das mensaxes sobre a perspectiva de xénero. Neste senso, acadar as mellores ideas creativas e unha óptima planificación da campaña son os mecanismos que permitirán incrementar o impacto das mensaxes sobre xénero entre a poboación galega.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Dirección Xeral de Comunicación

III.1.5. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de difusión da comunicación audiovisual.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os galegos e galegas e outras persoas residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Con base no establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, os servizos públicos de comunicación audiovisual televisiva e radiofónica de ámbito autonómico teñen a consideración de servizo esencial de interese xeral, cuxo custo neto financiarase en base aos orzamentos públicos, así como cos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual en Galicia, regula a prestación do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, encomendado á Corporación Radio e Televisión de Galicia.

A corporación desenvolve a súa actividade nun escenario en permanente estado de cambio. Por este motivo, e coa finalidade de manter o pulso da competitividade, vai desenvolver un conxunto de actividades que contribúan a propiciar unha CRTVG máis áxil, flexible, social, innovadora, próxima, curiosa, asentada nunha cultura de avance e nunha estratexia dinámica que permita o progreso competitivo. Neste contexto, nos últimos anos, a canle pública galega, en posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, preséntase como unha das máis dinámicas.

O financiamento basearase nun sistema mixto, mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos da comunicación comercial. As compensacións polo cumprimento das obrigas do servizo público consignaranse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, unha vez rematado o proceso da liberación do segundo dividendo dixital coa reorganización das frecuencias utilizadas para a difusión da televisión dixital, en base á publicación do Real decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulamentan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital, unha parte da poboación galega recibe os múltiplex dixitais a través das redes públicas dos case 300 centros de extensión de cobertura.

Todo isto supón un novo reto para a rede de difusión dos múltiples públicos de televisión dixital, e a necesidade de realizar novos investimentos en equipamento e axustes necesarios para o correcto funcionamento do servizo público de titularidade autonómica, e a garantía da cobertura a poboación, especialmente no eido rural.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Real decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital.

- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.

- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual e radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decisión 2017/899 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, sobre o uso de banda de frecuencias.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, completado o proceso de liberación do dividendo dixital, faise necesario investir en novos equipamentos necesarios para o correcto funcionamento dos múltiples dixitais de titularidade pública autonómica, conforme aos plans técnicos aprobados e aos estándares de innovación tecnolóxica no eido da televisión.

A Corporación RTVG mediante a Radio Galega, a Televisión de Galicia e os servizos dixitais, ofertará á cidadanía, a través dos distintos medios e soportes tecnoloxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da sociedade da información.

En relación coas emisións de radio e televisión, estas terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico. Ao tempo manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

No ámbito da produción a Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade na provisión do servizo público audiovisual media.

En coherencia co exposto, as accións a executar están asociadas, entre outras, á posta en funcionamento da plataforma OTT e á consolidación do proxecto web/app G24 de informativos, cun enfoque mixto como contedor de redefinición, reaproveitamento do arquivo e difusión de novos contidos nativos dixitais.

Tamén desenvolveranse determinados proxectos de innovación incremental relacionados coa dixitalización da documentación audiovisual, recepción de sinal das cámaras wifi (mochilas), creación dunha canle de “podcast” de audio, “big data”, programación de música á carta, lanzamento dunha canle de noticias G24, cambio e virtualización do plató 300, renovación dos contidos de meteoroloxía e a xeración de contidos educativos.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (en diante Corporación RTVG) ten un renovado compromiso empresarial na implantación e desenvolvemento de políticas de igualdade de trato e oportunidades, sen discriminación por razón de sexo, así como de impulso de medidas tendentes á consecución da igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa e de recursos humanos, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As actuacións incorporan un enfoque integrado de xénero cunha intervención transversal que pretende transformar o conxunto da organización nunha estrutura, incluso se cabe, máis

igualitaria, o que en termos de alcance, incide en todas as áreas: programación e contidos, produción de informativos, comercial e publicidade, recursos humanos e medios.

Neste contexto a Corporación RTVG dispón, a nivel orgánico, dunha Comisión de Igualdade constituída no seu consello de administración e, a nivel operativo, dun proxecto de igualdade corporativo.

As relacións laborais da CRTVG baséanse no principio de interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e outras cuestións organizativas e técnicas. A finais de 2018 constituíuse a Comisión Negociadora do Plan de Igualdade entre a entidade e a parte social, cuxo ámbito de actuación está circunscrito á elaboración e aprobación do Plan de Igualdade esixido pola lexislación sectorial aplicable. A Comisión realiza xuntanzas semanais e os seus traballos rematarán previsiblemente no curto prazo.

A CRTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, sendo un dos eixos fundamentais do seu traballo a prevención de todo tipo de violencia de xénero. No seo do observatorio creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, onde a CRTVG ten un papel destacado, que ten como misión velar pola ausencia de sexismo nas mensaxes publicitarias e pola incorporación de accións positivas que contribúan a erradicar todo tipo de discriminación por razón do sexo.

Ademais do anterior, o departamento responsable en materia de igualdade da Xunta de Galicia e a CRTVG asinaron un convenio de colaboración en materia de igualdade, cuxo obxecto consiste na realización de accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero.

A Corporación RTVG potencia a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregando unha linguaxe e imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller. Inclúese o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero: o 016.

No eido dixital, na web e nas redes sociais, préstase dende Área de Contidos unha especial atención arredor das datas significativas, coa intención de achegar información ao sector do público máis novo que consume contidos da canle galega dende soportes móbiles.

Todo este labor no eido da igualdade viuse recompensado con varias distincións. Por exemplo, e segundo datos dun informe elaborado pola consultora Barlovento Comunicación no que se analizaban as retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata este ano, revelouse que a Te-

levisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión xeneralista que máis deporte feminino emitiu, e a primeira de todas as autonómicas de España. Tamén se reflicte o interese da TVG no deporte feminino nas diversas e frecuentes reportaxes e entrevistas que teñen como obxecto a presenza das mulleres nos distintos ámbitos deportivos, que son emitidas en distintos programas de información deportiva.

A corporación recibiu en outubro de 2021 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero 2021, mención que recibe por terceiro ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente. A entidade emisora salientou que a CRTVG se atopa entre o “5% das máis de 30.000 empresas analizadas en Galicia” que consegue superar os exixentes criterios para obter estes recoñecementos. Este indicador recoñece as empresas “que presentan altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións”.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (en diante Corporación RTVG) ten un renovado compromiso empresarial na implantación e desenvolvemento de políticas de igualdade de trato e oportunidades, sen discriminación por razón de sexo, así como de impulso de medidas tendentes á consecución da igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa e de recursos humanos, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As actuacións incorporan un enfoque integrado de xénero cunha intervención transversal que pretende transformar o conxunto da organización nunha estrutura, incluso se cabe, máis igualitaria, o que en termos de alcance, incide en todas as áreas: programación e contidos, produción de informativos, comercial e publicidade, recursos humanos e medios.

Neste contexto a Corporación RTVG dispón, a nivel orgánico, dunha Comisión de Igualdade constituída no seu consello de administración e, a nivel operativo, dun proxecto de igualdade corporativo.

As relacións laborais da CRTVG baséanse no principio de na interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e outras cuestións organizativas e técnicas. A finais de 2018 constituíuse a Comisión Negociadora do Plan de Igualdade entre a entidade e a parte social, cuxo ámbito de actuación está circunscrito á elaboración e aprobación do Plan de Igualdade esixido pola lexislación sectorial aplicable. A Comisión realiza xuntanzas semanais e os seus traballos rematarán previsiblemente no curto prazo.

A CRTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, sendo un dos eixos fundamentais do seu traballo a prevención de todo tipo de violencia de xénero. No seo do observatorio creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, onde a CRTVG ten un papel destacado, que ten como misión velar pola ausencia de sexismo nas mensaxes publicitarias e pola incorporación de accións positivas que contribúan a erradicar todo tipo de discriminación por razón do sexo.

Ademais do anterior, o departamento responsable en materia de igualdade da Xunta de Galicia e a CRTVG asinaron un convenio de colaboración en materia de igualdade, cuxo obxecto

consiste na realización de accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero.

A Corporación RTVG potencia a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregando unha linguaxe e imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller. Inclúese o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero: o 016.

No eido dixital, na web e nas redes sociais, préstase dende Área de Contidos unha especial atención arredor das datas significativas, coa intención de achegar información ao sector do público máis novo que consume contidos da canle galega dende soportes móbiles.

Todo este labor no eido da igualdade viuse recompensado con varias distincións. Por exemplo, e segundo datos dun informe elaborado pola consultora Barlovento Comunicación no que se analizaban as retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata este ano, revelouse que a Televisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión xeneralista que máis deporte feminino emitiu, e a primeira de todas as autonómicas de España. Tamén se reflicte o interese da TVG no deporte feminino nas diversas e frecuentes reportaxes e entrevistas que teñen como obxecto a presenza das mulleres nos distintos ámbitos deportivos, que son emitidas en distintos programas de información deportiva.

A corporación recibiu en outubro de 2021 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero 2021, mención que recibe por terceiro ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente. A entidade emisora salientou que a CRTVG se atopa entre o “5% das máis de 30.000 empresas analizadas en Galicia” que consegue superar os exixentes criterios para obter estes recoñecementos. Este indicador recoñece as empresas “que presentan altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións”.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A Corporación é exemplo de igualdade na súa estrutura directiva. A previsión para 2023 é que estea composta por 19 mulleres e 18 homes.

A Área de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística e a Área de Soporte Tecnolóxico e Medios, encargada da xestión dos departamentos técnicos e de produ-

ción, están dirixidas por dúas mulleres, e se se ten en conta a fenda de xénero que persiste nos sectores da tecnoloxía e da enxeñería aínda adquire maior relevancia nesta última.

En relación aos datos salariais, no ano 2022 destaca a porcentaxe de representación feminina existente no maior nivel retributivo do Convenio Colectivo da Corporación RTVG que supón aproximadamente o 60,74% fronte ao 39,26% de representación masculina.

Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. E tamén nos deportes temos facianas femininas e non só presentando as noticias, senón tamén narrando os partidos de fútbol e comentando a xornada. E no Departamento de Predición Meteorolóxica hai maioría de mulleres en pantalla.

En total, atendendo ao total do persoal que presta os seus servizos na CRTVG son mulleres cerca do corenta por cento do total, resultando que non existe fenda salarial entre os sexos. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas, a través do convenio colectivo de aplicación ou outras normas de aplicación, para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A CRTVG seguirá velando pola transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade, tanto no eido dos contidos da súa programación como no da publicidade.

Nesta liña, e como membro do Observatorio Galego de Violencia, a CRTVG continuará participando activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual.

Ademais, a CRTVG seguirá a traballar anualmente no eido da RSC, alineada coa misión e actividade do Pacto Mundial das Nacións Unidas en España e cunha estratexia corporativa propia, #AcciónsG, coa que se expresa o compromiso cara a acción da CRTVG e os seus traballadores/as, e nesa estratexia contarase cada ano cunha campaña específica de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

III.1.6. PROGRAMA 761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

De acordo coa liña estratéxica da Axencia de Turismo de Galicia, este programa inclúe a realización de accións para desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permitan construír un destino único e diferencial, articulado ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha xestión, que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo. Todo isto realizarase sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo; mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

No segundo ano do Xacobeo 21-22, no ámbito da Xunta de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia volveu a incrementar os seus orzamentos para afrontar axeitadamente o Xacobeo 2022 e proseguíu coa política de fortalecemento e adaptación do sector turístico.

No ano 2022, Galicia logrou consolidar a reactivación da súa afluencia turística, incluído o Camiño de Santiago. Este logro tivo, sen lugar a dúbidas, a súa base no posicionamento da Comunidade Autónoma como destino turístico seguro e de calidade. Así, Galicia atraeu ao turismo nacional e internacional ata acadar algúns rexistros históricos. No mes de agosto deste ano 2022 xa se superaron os rexistros do último Ano Santo de 2010 e a finais do mes de setembro superouse a cifra de récord do ano 2019 de 347.559 Compostelas entregadas, polo que o ano 2022 rematará como o ano de maior afluencia de peregrinos dende que hai rexistros.

O 2023 será clave para seguir nesta liña e para continuar avanzando na recuperación do mercado estranxeiro.

Durante o ano 2022 o sector turístico estase vendo afectado, principalmente, pola subida dos custos enerxéticos e o aumento de prezos xeral dos produtos.

Neste sentido, a Xunta de Galicia adoptou unha serie de medidas orientadas á cidadanía ante a suba de prezos, coa finalidade de lograr a reactivación do sector, que terán continuidade no 2023:

- Medidas de mellora da oferta turística e da eficiencia enerxética dos establecementos: como medida a medio prazo para lograr o obxectivo dun sector turístico máis eficiente enerxeticamente vaise a seguir traballando na liña de axudas que incidan na dixitalización do sector e na consecución de importantes melloras en materia de eficiencia enerxética. Neste sentido, no mes de febreiro publicouse unha convocatoria de 2 M € para a mellora dos establecementos turísticos que busca a mellora da calidade, da dixitalización e da eficiencia enerxética.

Nesta mesma liña, a Axencia de Turismo de Galicia vai publicar, a finais do mes de outubro, outra convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética dos establecementos. As axudas previstas nesta convocatoria financiarán accións de aforro enerxético por importe de 7.8 millóns de euros.

Por outra banda, a Axencia de Turismo de Galicia tamén ten por obxectivo a conservación, mantemento e promoción dos Camiños de Santiago. Así, considérase esencial continuar co mantemento dos diferentes Camiños de Santiago, polo que a comezos do 2023 procederase a licitar un novo contrato de mantemento e recuperación dos mesmos.

Así mesmo, tamén se prevé que no ano 2023 entren en funcionamento os albergues de peregrinos situados en Ferrol e en Piñor. Igualmente, no momento en que o concello da Coruña ceda os terreos á Xunta de Galicia para a construción dun albergue na cidade, a Axencia de Turismo de Galicia procederá de inmediato a redactar o proxecto para executar a referida obra.

O ano 2023 será o primeiro ano posterior aos dous anos Xacobeos e polo tanto os orzamentos para o seguinte exercicio recollen as partidas necesarias para seguir apoiando o sector turístico en Galicia no que, agardamos, o sector turístico poida consolidar e mellorar os datos deste ano 2022, e que os cidadáns nacionais e estranxeiros sigan elixindo Galicia como destino turístico.

Neste sentido, no ano 2023 porase en marcha o Bono Xacobeo Familia: co obxectivo de empregar unha ferramenta que tan bos resultados deu ao conxunto do sector turístico como foi o Bono Turístico pero enfocada á desestacionalización do Camiño de Santiago animando a outros colectivos, como as familias, a vivir a experiencia da peregrinación co obxectivo de que poidan viaxar conxuntamente e ter descontos nos albergues privados en primavera, outono e inverno.

O despregue dos Plans de Sustentabilidade en Destino aprobados pola Conferencia Sectorial de Turismo para Galicia, tanto con carácter ordinario como extraordinario, continuarán a ter un papel importante nos orzamentos do no 2023.

Así, a Xunta de Galicia liderará o desenvolvemento de tres Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino de Galicia atendendo ás prioridades de actuación definidas pola Administración autonómica:

- Plan Territorial 2021: Litoral.
- Plan Territorial 2022: Enogastronomía.
- Plan Territorial 2023: Vilas Termas e Cascos Históricos.

Os tres están completamente en liña cos obxectivos de traballo definidos por Europa en canto a transformación económica e social e coa liña de traballo na que leva traballando a Xunta nos últimos anos, en colaboración co sector.

En todos eles, a Xunta de Galicia asume o reto de identificar as prioridades de cada anualidade e a revisión do aliñamento dos proxectos tractors a presentar con respecto a esas prioridades, sen esquecer que os proxectos deben incluír os eixos prioritarios de actuación (transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e competitividade) e que contarán con liñas de axuda orientadas ao sector.

A Xunta comezou a traballar en 2021 no Plan Territorial do Litoral no que se abordaron actuacións en cuestións de fachadas do litoral, rutas de mobilidade sostible, educación marítima ou a sinalización de praias.

O Plan Territorial do Litoral busca mellorar e potenciar o litoral galego actuando sobre recursos naturais, culturais e patrimoniais e sobre infraestruturas e equipamentos, concienciando sobre a súa conservación, apostando pola súa rehabilitación e destacando o seu valor, promovendo a xestión sustentable, competitivo e con proxección e comercialización nacional e internacional.

Deste xeito, está previsto que no ano 2023 e dentro deste plan se leven a cabo accións de revalorización de Portos e Actividades Náutico-Deportivas e unha orde de convocatoria de mellora da fachada litoral.

O Plan Litoral, dotado con 29,2 millóns de euros, coexistirá co Plan Enogastronómico, dotado con 31,7 millóns de euros que se prevé que sexa aprobado en Conferencia Sectorial na última parte do ano 2022. E no 2023 contaremos coa posta en marcha do Plan de Vilas Termas e Cascos Históricos.

A través do Plan de Enogastronomía impulsaranse actuacións no ámbito gastronómico que permitirán afondar no desenvolvemento sustentable dos territorios vitivinícolas do interior de Galicia, dándolle continuidade a proxectos como:

- Plan Galicia Sabe.
- Plan Dinamización dos Territorios Vitivinícolas.

- Plan Estratéxico del Turismo Rural de Galicia.

Pola súa banda, o Plan Vilas Termas e Cascos Históricos pivotará arredor de dous piares, o desenvolvemento do termalismo galego como un dos produtos turísticos con maior grao de especialización e singularidade e actuacións en destinos urbanos que precisen afondar na rehabilitación dos seus cascos urbanos para a súa posta en valor ou creación de novos usos orientados a ofrecer propostas turísticas sustentables.

Ademais, coa finalidade de afondar na posta en valor turístico do termalismo, no 2023 entrará en funcionamento a nova área termal da Xunta de Galicia con sede na cidade de Ourense.

Ademais, no ano 2023 levarase a cabo a restauración e posta en valor dos seguintes Bens de Interese Cultural situados no Camiño de Santiago:

- Fortaleza de Monterrei.
- Castelo de Santa Cruz, na Guarda.
- Edificio do Faro da Illa de Sálvora, en Vilagarcía de Arousa.
- Cárcere Vella de Tui.
- Casco Vello de Mondoñedo.
- Parque do Pasatempo, en Betanzos.
- Ribeira do Lérez desde As Xunqueiras hasta as Aceñas, no Concello de Pontevedra.
- Torre de Hércules, na Coruña.
- Torres do Oeste, no Concello de Catoira.
- A paisaxe cultural da Ribeira Sacra.
- Casa de Valle Inclán, no Concello de Vilanova de Arousa.
- Arquipélago de Ons.

As obras de restauración destes doce Bens de Interese Cultural comezarán no ano 2023 unha vez se asinen os respectivos convenios coas entidades titulares dos mesmos e se redacten cada un dos proxectos de reforma.

En conclusión, os orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2023 perseguen seguir mantendo os valores que identifican o modelo turístico galego, avanzando nun modelo turístico sustentable baseado nun turismo tranquilo e de calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxeos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa diríxese tanto a axentes públicos e entidades xestoras como a axentes privados nacionais e internacionais.

Facer de Galicia un destino único, non é viable sen a cooperación entre axentes, tanto entre axentes privados coma entre axentes públicos, para articular unha oferta máis atractiva e deseñar as comunicacións e infraestruturas necesarias para traer o turista a Galicia. Debe facelo de xeito coordinado e potenciando tamén as alianzas entre axentes tanto a nivel nacional coma internacional que acerquen o turista a Galicia.

É relevante a colaboración e cooperación entre os distintos departamentos da Xunta na busca de estratexias conxuntas para lograr sinerxías entre o turismo e outros sectores (agroalimentario, industrial, idiomático, transportes, medio ambiente, comercio artesanal,).

Por outro lado, as actuacións van dirixidas a toda a poboación en xeral, á que se pretende atraer ao destino Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Desde o comezo da crise ocasionada pola COVID-19 en marzo de 2020, o sector turístico viuse claramente afectado, ocasionándolle desde aquela notables perdas. A posta en marcha do conxunto das medidas adoptadas pola Xunta, sumado á capacidade de resiliencia do tecido empresarial están dando como resultado que a recuperación do turismo en Galicia está superando todas as expectativas. As cifras da demanda turística confirman que a mensaxe de Galicia como destino seguro foi clave para obter un balance positivo.

Nos sete primeiros meses deste ano Galicia rexistrou máis de 2,4 millóns de viaxeiros aloxados e de 4,6 millóns de noites nos establecementos hoteleiros da comunidade, cifras que duplican os datos do pasado ano e acada practicamente o mesmo volume de demanda que nos primeiros sete meses de 2019.

En termos de volume Galicia sitúase neste período na sétima posición absorbendo o 2,6% do total estatal. Mellora a súa posición habitual neste momento do ano –no primeiro semestre ficaba no oitavo lugar-, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado: Canarias, Baleares, Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana, e Madrid.

Co 76% das noites hoteleiras o turismo nacional lidera o mercado hoteleiro en Galicia, porcentaxe que se reparte entre o mercado interno que absorben o 26% e o receptor nacional co 50%. O turismo internacional representa o 24% do total da demanda neste período de sete meses, con máis de 1,1 millóns de noites.

As tarifas hoteleiras sitúanse no contorno dos 64€, cifra que supera tanto o dato do pasado ano como o de 2019. En termos de rendibilidade a dinámica é tamén positiva. Neste caso o RevPAR hoteleiro sobe de forma notable -supera nun 40% o dato do pasado ano- para conseguir superar tamén o nivel previo á pandemia, nun 20% aproximadamente. O RevPAR hoteleiro sitúase no contorno dos 30 euros para os primeiros sete meses do ano.

Este balance da tempada estival únese ás cifras positivas do acumulado do ano no que atinxe á demanda turística, en que observamos tamén a consolidación da recuperación en todas as tipoloxías de aloxamento.

Tanto a capacidade de resiliencia do sector turístico como a capacidade de atracción do viaxeiro nacional e o posicionamento de Galicia como destino seguro, unido á súa oferta turística, foron elementos que amorteceron a caída primeiro co obxectivo de rematar o ano con preto de 5 millóns de viaxeiros.

Todas estas cifras son o resultado dunhas medidas eficaces, dun esforzo colectivo e da posta en marcha de ferramentas e de protocolos de actuación para garantir unha hostalería e un Camiño seguros. O 2023 será clave para seguir avanzando na recuperación do mercado estranxeiro.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Neste marco legal e regulamentario son de aplicación o Plan Director do Camiño de Santiago e as directrices de accesibilidade turística que definen as actuacións a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia dentro do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa será incidir na execución de accións que poñan en valor todas as oportunidades que o turismo pode aportar ao desenvolvemento de Galicia, priorizando os recursos na reactivación económica do sector:

- O establecemento de Galicia como destino seguro.

- O posicionamento de Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- A consolidación de Galicia como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sustentable.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional.

O programa da recuperación do turismo estará centrado na comunicación dos valores do destino a través da marca turística “Galicia, o bo Camiño” e do mantemento do obxectivo de que Galicia sexa un destino seguro.

A rede de albergues de peregrinos é unha peza básica que necesita coidados como a reparación daqueles de maior antigüidade (especialmente no Camiño Francés) ou a creación de novos establecementos en etapas de longo percorrido que carecen dun albergue.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O posicionamento de Galicia como destino de calidade e implica que a oferta das experiencias turísticas debe estar acorde coa comunicación, que no caso de Galicia transmite que está dirixida a un público obxectivo onde a muller forma parte activa en igualdade.

No exercicio orzamentario 2023, Turismo de Galicia velará especialmente para que os elementos da comunicación de Galicia outorguen á muller cada vez máis protagonismo e notoriedade nas campañas.

Máis alá de datos xenéricos desagregados por sexos a nivel de emprego no sector turístico, a información dispoñible por subramas dentro do sector ou do emprego por conta propia é case nula así como a información sobre o sexo das persoas titulares de empresas turísticas ou das características das persoas visitantes na comunidade autónoma. Neste último caso a proporción entre homes e mulleres turistas en Galicia na serie histórica é practicamente equivalente.

A materia na que se debe afondar é na de conseguir as condicións de equidade nos salarios e nos cargos nun sector onde as mulleres ocupan unha porcentaxe mínima en cargos de responsabilidade ou dirección, e perciben unha porcentaxe de salario inferior aos homes empregados. Segundo os datos da segunda edición do Informe mundial sobre as mulleres no turismo (OMT), de novembro de 2021, as mulleres gañan un 14,7% menos que os seus homólogos varóns no sector turístico.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

No ano 2023 continuarase a fomentar a igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento da actividade no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando ao persoal docente a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen ao seu alumnado. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector se incluírán módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres, así como a progresiva ruptura da segregación de xénero do mercado laboral.

Nas accións formativas a través dos acordos de colaboración coas universidades previstas para o 2023 deberá incidirse na información, sensibilización e educación para a igualdade en mulleres e homes. Neste ámbito, preverase tamén a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asinen coas entidades sectoriais, conducente a que en virtude do convenio se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico. A utilización de indicadores como o número de mulleres beneficiarias destas accións servirán para valorar a incidencia das medidas formativas

Nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico. Os indicadores a utilizar serán o número de mulleres destinatarias destas liñas de axuda.

No ámbito dos estudos e estatísticas que se realicen pola Axencia de Turismo de Galicia, estableceranse indicadores que permitan evidenciar ou cuantificar as desigualdades. Así, número de empresas titularidade de homes e de mulleres que existen na comunidade autónoma, características das empresas de mulleres e homes (tamaño, número de persoas empregadas,...).

No ámbito da promoción turística e campañas publicitarias da marca Galicia, porase especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexistas, e en horarios e soportes máis axeitados para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres. Indicadores como franxa horaria de emisión ou soportes utilizados poden indicarnos se as decisións son as máis adecuadas para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

O órgano de goberno da Fundación é o Padroado que é un órgano, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Os órganos básicos decisórios son: Comité Executivo, Xerente, Secretario-Letrado e Tesoureiro-Contador.

O Padroado estará integrado polo presidente titular e por catorce membros. A presidencia do Padroado osténtaa o Conselleiro que ostente as competencias en materia de Comercio da Xunta de Galicia e os catorce membros son:

1. Pola Xunta de Galicia, dous membros nomeados pola Consellería competente en materia de comercio.
2. Polo Excmo. Concello da Estrada: o seu alcalde e dous membros máis do seu pleno.
3. Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa: o seu Presidente e dous membros máis do seu Pleno.
4. Pola A.C.E: o seu Presidente e dous membros máis do seu órgano de goberno.
5. Pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e dous membros máis do seu órgano de goberno.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o Patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo foi constituída o 29 de decembro de 1992 con enderezo social en Lugo e un fondo dotacional de 1.455.678,96 euros. Con data 31 de decembro de 2020 a dotación fundacional ascende a 2.546.574,67 euros.

Os socios fundadores teñen as seguintes porcentaxes de participación segundo acordo de Padroado celebrado o día 28 de decembro de 2015:

- Consellería de Economía, Emprego e Industria: 43 %
- Deputación Provincial de Lugo: 35 %
- Concello de Lugo: 20 %
- Confederación de Empresarios de Lugo: 2 %

Os órganos básicos de decisión da Fundación son: o Presidente e o Padroado; os órganos básicos de xestión administrativa, o Secretario e o Xerente; e os de xestión económica-financieira, o Tesoreiro-contador, que recae na figura do Secretario.

Desde a súa constitución, o Padroado marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, agroindustriais, comerciais, sociais, educativas e culturais, así como calesquera outras que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores produtivos de Galicia, o profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é propietaria do Pazo de Feiras e Congressos de Lugo e dedícase fundamentalmente a organización de feiras e ao aluguer destas instalacións para a celebración de eventos. Este recinto constitúe un dos principais centros de negocio da cidade de Lugo, non só porque se realizan exposicións senón pola súa capacidade de albergar calquera iniciativa empresarial.

As feiras asóciase ás distintas formas de actividade de promoción e teñen na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing. Representan unha fonte de crecemento económico para os ámbitos territoriais onde se localizan, que leva á creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións das políticas de desenvolvemento rexional.

En particular, son obxectivos desta Fundación:

- A promoción e fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e ata internacional, e particularmente a promoción e fomento da feira de Lugo.
- A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.
- Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo, na súa provincia e en calquera ámbito territorial, ata internacional.
- Promover museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.
- Cantas manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, se promovan, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.
- A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- Cantas actividades culturais ou de outro orde que puideran servir para apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.
- Calquera actividade que afecte ou incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense constituíuse en escritura autorizada por notario o 24 de decembro de 1.992 na cidade de Ourense.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, deportivas, de fomento da prevención de riscos labo-

rais, e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

En particular son fines da Fundación, e con base ao indicado nos parágrafos precedentes, os seguintes:

1. A promoción e o fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas, culturais, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
2. A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións na provincia de Ourense que sirva ademais de lugar de celebración de Feiras e Certames, para o destino de exposición permanente de produtos ourensáns.
3. A formación profesional de tódolos sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde que puideran servir de apoio e desenvolvemento, da actividade de feiras, exposicións e demais contempladas nestes estatutos.
4. O fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e traballadores de Galicia, así como a promoción de actuacións tendentes á mellora da prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, a través da celebración periódica de certames, feiras, exposicións, congresos, xornadas técnicas e conferencias. A cooperación con toda clase de entidades e organización que persigan fins e obxectivos similares.
5. A promoción da cidade e o conxunto da provincia de Ourense como destino de turismo de reunións, congresos, convencións e incentivos, fomentando a súa captación e celebración no noso entorno e facilitando asesoramento ás entidades e ás empresas promotoras na organización dos mesmos.
6. O apoio a empresas, asociación e organismos intermedios en materia de internacionalización, e o asesoramento e consultoría sobre oportunidades comerciais en mercados estranxeiros.
7. Establecer, desenvolver e impulsar medidas de acción positiva que aborden áreas de actuación como familia, infancia e xuventude, minusvalías, vellez, muller, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinación social.
8. O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
9. Calquera outros que afecten ou incidan calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais, peculiares, efectivos ou expectantes da Fundación por elo das entidades que a integran.

Para a consecución destes fins, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- Establecer as estruturas organizativas que foran pertinentes.
- Facilitar intercambios de información mutua.

- Constituír servizos de formación e asesoramento dos seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
- Promover estudos e publicacións.
- Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oído na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores que estes Estatutos se contraen.
- Organizar cursos, xornadas técnicas e congresos.
- Organizar certames periódicos, exposicións e eventos.
- Calquera outras actividades que afecten ou incidan nos fins anteriormente establecidos.
- Apoio a empresas en materia de internacionalización, elaboración de estudos de mercado e novas oportunidades comerciais.
- Promoción exterior da cidade e provincia de Ourense como destino de turismo de reunións e sé de eventos.
- Asesoramento na organización de eventos e xestión dos mesmos noutros espazos.

A Fundación esta dirixida por un Padroado, formado por un Presidente e 19 membros máis, en representación de diferentes entidades. As facultades do Padroado son:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revocación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as determinadas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación.
- A aprobación das contas anuais da Fundación e o plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise autorización ou aprobación do protectorado.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

Na súa Carta Fundacional, do 5 de agosto de 1998, establécese que a: Fundación “Instituto Feiral da Coruña” (IFECO) ten por obxecto principal destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial ao que a súa denominación e fins se contraen.

En xeral, son fins desta Fundación, a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción ou desenvolvemento destes sectores en Galicia, a nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

E, en particular, son fins desta Fundación os seguintes:

- a) A promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas, agrícolas, gandeiras na Coruña, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
- b) A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións no termo municipal da Coruña, que sirva ademais de lugar de celebracións de feiras e certames, para dedicalo á exposición permanente de produtos da Coruña.
- c) A formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde, que puidesen servir de apoio e desenvolvemento da actividade de feiras, exposicións e demais, contempladas nos Estatutos.
- d) O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- e) Calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por isto, das entidades que a integran.

A Fundación réxese por:

- a) O Padroado
- b) O Consello de Dirección
- c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

- a) Preparar os asuntos do Padroado.
- b) Aprobar plans e programas específicos.
- c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.
- e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e así mesmo todos os actos e contratos que requira a posta en marcha de ditos plans e programas.
- f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.
- g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
- h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
- i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas a Secretaría Xeral Técnica ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan e procurando que os servizos administrativos funcionen da forma máis óptima posible.

Desta maneira, a situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia COVID-19 durante o ano 2020, obrigou a esta Secretaría Xeral Técnica a coordinar, planificar e empregar os seus medios persoais e materiais para garantir o seu funcionamento, a prestación dos servizos públicos polos seus empregados de forma non presencial e o exercicio dos dereitos da cidadanía e empresas.

Polo que posibilitou o uso de medios tecnolóxicos para realizar tarefas a distancia ou de maneira virtual, sen necesidade da presenza física nas dependencias durante a xornada laboral e de cara ó 2023, esta Secretaría Xeral Técnica seguirá coordinando a prestación dos servizos públicos desta Vicepresidencia primeira a distancia mediante o teletraballo, como xa fixo en anos anteriores, fomentando así o uso das novas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da administración dixital coas conseguintes vantaxes tanto para as empregadas e empregados públicos como para a administración e a sociedade en xeral.

SECRETARIA XERAL DE INDUSTRIA

No ámbito da Secretaría Xera de Industria, as principais liñas de acción para 2023 serán:

- O desenvolvemento, a promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia.
- A identificación das actividades industriais que, pola súa relevancia no ámbito tecnolóxico, innovador ou potencial para xerar cadeas de valor competitivas, concentran as oportunidades de negocios futuros.
- A coordinación coa consellería competente en materia de política de solo empresarial, co obxecto de lles ofrecer aos investidores que pretendan a súa implantación empresarial ou industrial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aquelas localizacións de solo máis axeitadas ás necesidades dos proxectos que pretendan implantar ou ampliar.

- A promoción e a ordenación industrial de zonas con especiais problemas de reindustrialización.
- A análise e o seguimento dos proxectos de natureza industrial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O impulso e a tramitación dos procedementos para a declaración dun proxecto como proxecto industrial estratéxico, proxecto de interese autonómico, proxecto tractor ou para calquera outra declaración análoga vinculada ao impulso económico e industrial.
- O impulso e a tramitación dos procedementos de aprobación da implantación dos proxectos industriais estratéxicos, dos proxectos de interese autonómico, dos proxectos tractores, dos proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese e de calquera outro proxecto industrial de competencia desta consellería.
- Continuar e consolidar as actuacións de dinamización do tecido empresarial e o fomento de empresas innovadoras e novas reformulando a orde de axudas para a creación de viveiros industriais de empresas.
- Implementar melloras nas infraestruturas dos parques empresariais de Galicia mediante dúas ordes de axudas aos concellos nos que están radicados estes, destinadas a mellorar a súa competitividade e sostibilidade.
- Continuar co desenvolvemento da administración electrónica e co apoio a empresas instaladoras e mantedoras, simplificando a tramitación administrativa para o inicio da actividade e das instalacións executadas.

Neste ámbito continuarase co desenvolvemento do tramitador RUE (Rexistro Único de Empresas) para facilitar o tratamento e seguimento electrónico dos expedientes por parte dos funcionarios que os revisan, e co desenvolvemento da Oficina Virtual de Industria como portelo único para os procedementos de seguridade industrial e o acceso dos cidadáns a rexistros e información pública de seguridade industrial.

- Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial, fundamentalmente a través do Plan anual de inspección en materia de seguridade industrial, que é a ferramenta fundamental para a comprobación de que as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial compren os regulamentos que lles afectan.
- Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais mediante campañas informativas e de divulgación e controis de cumprimento.
- Realizar actuacións para o desenvolvemento e modificación da normativa vixente no eido da seguridade industrial e da metroloxía.
- Desenvolver as actividades propias da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, mantendo e mellorando os servizos prestados neste ámbito.
- Continuar a estudar as distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de

Galicia se contemplen debidamente nas mesmas, e colaborar no seo dos órganos de representación territorial co desenvolvemento das citadas normativas.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURIAIS

- I. No ámbito da enerxía, as principais liñas de acción para 2023 serán:
 - Tramitación administrativa e autorización dos proxectos de enerxías renovables e infraestruturas enerxéticas de evacuación asociadas
 - Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de transporte e distribución de enerxía eléctrica
 - Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de distribución de gas natural
 - Análise e informe previo dos plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade
 - Continuar coa función de coordinación e supervisión dos seguimentos ambientais das infraestruturas de produción, transporte e distribución eléctricas.
 - Xestionar os fondos europeos para á adecuación de tendidos eléctricos en zonas de protección para avifauna.
 - Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica, a través dunha orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
 - Traballar coordinadamente co INEGA no seguimento da planificación enerxética e no estudo das distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas e no control da calidade da subministración eléctrica en Galicia en temas de TIEPI e NIEPI.
 - Traballar na mellora das respostas ás reclamacións enerxéticas de cidadáns e empresas.
2. No ámbito da minería, as grandes liñas de acción para 2023 que darán lugar a diferentes actuacións:
 - Promoción e apoio á minería sustentable a través dun programa que coaduxve ao deseño e á implantación de políticas públicas desde a perspectiva da incorporación efectiva do principio de sustentabilidade na actividade mineira, que converta ao sector da minería de Galicia nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas, todo elo enmarcado na Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030.

No eido das axudas a empresas mineiras para mellorar a sustentabilidade nos seus centros de traballo, axudas para a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras a través da convocatoria de axudas destinadas ao apoio para a loita contra as enfermidades profesionais nos seus postos de traballo mediante redución de emisións de po e ruído ,axudas para a mellora da calidade do ambiente atmosférico das zonas afectadas pola actividade mineira, axudas para investimentos para procesos de implantación e certificación normas UNE de minería sostible .

No eido da protección e prevención ambiental:

- O reforzamento do seguimento ambiental das explotacións mineiras.
- A execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria.

No eido da xestión de fondos Europeos e tamén de recuperación ambiental:

- Xestión en relación cos fondos Next Generation: MRR Compoñente 10. Restauración de ocos e espazos abandonados pola actividade mineira.

No eido da dixitalización:

- Continuar impulsando a dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementos de minas, así como do tratamento estatístico dos seus datos.

No eido das colaboracións: continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

No eido da valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia continuarase colaborando como como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego.

- A través do Programa de Sustentabilidade no Sector Mineiro fomentárase a minería sostible con colaboracións con entidades relevantes e representativas do sector mineiro, tales como Clúster da Pizarra de Galicia, e/ou Fundacións Centro Tecnolóxico do Granito, entidades que representan a sectores mineiros de carácter estratéxico para a Comunidade de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten ao tecido comercial como un dos seus activos principais necesarios para consolidar e impulsar o crecemento económico.

O sector comercial de proximidade galego está constituído por 26.261 empresas formadas, na maioría dos casos, por menos de 10 persoas traballadoras e atópase nun profundo proceso de transformación nos procesos de venda e nos hábitos de consumo da clientela.

Na actualidade, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Esta realidade reforza, se cabe, o compromiso da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, co comercio retalista para a recuperación e a reactivación da actividade comercial.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación é consciente da importancia social e económica do comercio galego e aposta por un sector moi afectado polo contexto actual, o cal debe adaptarse ás novas tendencias do mercado e ser parte activa na transformación tecnolóxica, o que supón un reto e unha oportunidade para o sector.

Este compromiso ten como obxectivo prioritario a modernización e o incremento da competitividade e sustentabilidade do tecido comercial galego así como impulsar medidas que sirvan como canle da estratexia Galicia Industrial e Sostible.

Estes obxectivos dan resposta ás demandas xeradas, especialmente polas persoas emprendedoras no marco do impulso á creación de novas empresas comerciais, a dispoñer dun sistema de distribución eficiente que xere plusvalías e a consolidar un sector comercial equilibrado, competitivo, rendible, dinámico, diversificado e continuamente adaptado á unha realidade cambiante e de incerteza.

Sendo a innovación un dos factores de competitividade empresarial máis importante, o seu impulso no comercio é unha das principais ferramentas para acadar estes obxectivos, tanto no eido de novos formatos como na creación de produtos e servizos.

Así mesmo, deben procurarse novas estratexias de venda que se axusten as actuais tendencias do mercado e aos novos perfís das persoas consumidoras, situando á clientela no epicentro da actividade comercial. Por isto, un dos factores a potenciar xunto coa dixitalización, o uso das novas tecnoloxías, as redes sociais e as técnicas de marketing 4.0 é a excelencia e a calidade como factor diferencial clave do comercio de proximidade así como o compromiso co medio

ambiente e coa sustentabilidade da actividade comercial, cada vez máis valorados polas persoas consumidoras actuais.

Co obxectivo de acadar un sector comercial que responda ao concepto Comercio 360 e avanzar tanto en aspectos de dixitalización como medioambientais, configurando un sector competitivo cara ao futuro no marco da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poñerá en marcha as seguintes liñas de acción:

- Transformación dixital e modernización do sector comercial: Mellora da competitividade e dinamización do comercio galego, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación con novas fórmulas de comercialización, tanto no ámbito urbano coma no rural, dotando ao noso comercio de competitividade dixital, reactividade, mellora das vendas e mellora do rendemento económico.
- Transformación sostible do comercio físico e da actividade comercial: Actuacións dirixidas a promover modelos de negocio que aposten pola sustentabilidade e a economía circular para unha transformación empresarial que adapte os espazos físicos e os servizos ofertados ás actuais demandas e necesidades das persoas consumidoras, apostando claramente por unha mellora no ámbito da loxística sostible no ámbito da proximidade.
- Formación para o sector comercial e artesanal: Actuacións dirixidas á posta en marcha de programas formativos que garantan a promoción, o fomento e a modernización do comercio a través da mellora das competencias e habilidades técnico-profesionais das persoas comerciantes, así como programas de formación para garantir o relevo xeracional nos oficios tradicionais artesanais.
- Impulso dos mercados e prazas de abastos a través da Rede de Mercados Excelentes de Galicia: Adecuación e mellora dos mercados e prazas de abastos e equipamentos públicos comerciais municipais, o que constitúe un elemento clave para o desenvolvemento do comercio.

As actuacións desenvolvidas no ámbito comercial resultan imprescindibles, moi especialmente, nos mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial cunha situación estratéxica que, a miúdo, teñen a capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, consciente da importancia dos mercados e prazas de abastos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, aposta pola renovación destes espazos, adaptándoos ás necesidades tanto dos/as comerciantes como das persoas consumidoras, dende o momento en que os mercados remodelados permiten consolidar unha forma de comercio de proximidade e a rexeneración dun entorno urbano das vilas e cidades.

En consonancia con isto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 régúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia,

publicada no Diario Oficial de Galicia número 13, do 19 de xaneiro de 2017, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan, na actualidade, os nosos mercados e prazas de abastos.

- Desenvolvemento da marca “Galicia Calidade”: Galicia Calidade é unha marca económica da Xunta de Galicia, polo que o seu desenvolvemento é unha decisión estratéxica da administración galega que afecta a todos os seus departamentos.

O seu obxectivo é conseguir que se identifique Galicia con calidade dende o punto de vista da promoción económica, contribuíndo a impulsar a competitividade das empresas galegas, dar visibilidade á marca Galicia dende un punto de vista económico, fortalecer e engadir valor ó selo de calidade e reconverter o selo de Galicia Calidade nun catalizador das empresas galegas dentro da estratexia Galicia Industrial e Sostible.

- Promoción e fomento da artesanía galega: a importancia das actividades artesanais en Galicia non só reside nun plano social ou cultural, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traducen nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás esixentes demandas do mercado actual.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado. Por isto, dende a Dirección Xeral de Comercio e Consumo preténdese desenvolver estratexias de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector artesán, que levan implícitas accións de incremento da comercialización e de potenciación do talento e das habilidades empresariais das persoas artesás sen descoidar a innovación o deseño e a cooperación entre diferentes sectores.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC

As principais liñas de acción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2023 serán:

- Desenvolvemento da estratexia dixital de protección das persoas consumidoras que inclúe a dixitalización de todos os procesos e as canles de comunicación, na procura da omnicanalidade, a eficacia e a axilidade na atención ao público.
- Reforzo da formación a través da Escola Galega de Consumo e Impulso da Aula Virtual.
- Consolidación do plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Asesoramento as persoas consumidoras galegas a través de contidos informativos na web, do telefono de balde co que conta o IGCC así como de maneira presencial para aqueles casos nos que se requira.
- Impulso a mediación entre as persoas consumidoras e os empresarios e profesionais e implementación dun sistema arbitral de consumo “on line”.
- Modernización do equipamento do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Actuación en materia de control, vixilancia do mercado e seguridade dos produtos industriais.
- Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como das persoas consumidoras e usuarias.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardina o conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecendo o emprendemento e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a mellora da competitividade no conxunto do territorio .

Máis concretamente, estas medidas están enfocadas:

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas apoiadas especialmente na transformación dixital e na sustentabilidade.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado polas restricións e dificultades impostas pola pandemia COVID-19, para favorecer a continuidade e o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas, cunha forte compoñente de internacionalización dixital e comercio electrónico global.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.

- Ao desenvolvemento da política industrial de Galicia, en colaboración cos clúster galegos e de acordo coa Axenda de competitividade Galicia: Industria 4.0. e a súa evolución no Impulso da transformación dixital da industria conectada.
- Ao apoio integral ao emprendemento innovador, a incubación, aceleración e consolidación de proxectos de startups a través de aceleradoras específicas transversais, temáticas (coworkings) e verticais (Business factories) de acordo coa de Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.
- Á atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan á creación de emprego e ao fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o equilibrio territorial.

Os orzamentos estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2021-2027 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integrarán medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións, que terán en conta as directrices e orientacións prioritarias en Europa, como a recuperación empresarial e a resiliencia a través da economía verde e a dixitalización.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa resiliencia e reactivación da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

Programas e plans de actuación do IGAPE:

1º.- Programa Competitividade Empresarial.- A mellora da competitividade das pemes, eixe central da actuación do IGAPE, verase reforzada pola posta en marcha de novas medidas e actuacións dunha nova Axenda de Empresa Dixital e Sostible.

Este programa execútase na súa maior parte a través do IGAPE, e contempla accións en catro eixos concordantes cos eixos do estado no desenvolvemento da Industria Conectada 4.0: Estratexia, Asesoramento, Talento e Financiamento

Deste xeito, no despregamento de medidas correspondentes aos eixos anteriores cara á mellora da competitividade do tecido empresarial, o IGAPE contempla accións específicas, como son:

- Diferentes programas de subvencións para incentivar melloras na transformación dixital, especialmente no eido da implantación de sistemas e solucións de dixitalización así como na sensibilización e capacitación de directivos e mandos intermedios fronte ao reto 4.0 da economía.
- Promoción e financiamento de INFRAESTRUTURAS COLABORATIVAS INDUSTRIAIS (programa Centros de Fabricación Avanzada e Infraestructuras Estratéxicas Abertas), que contribúan a reforzar o contorno industrial e dotar de acceso a infraestruc-

turas equipadas a emprendedores, traballadores en activos, spin-outs empresariais, etc. para desenvolver proxectos e iniciativas industriais en espazos dotados e con condicións de acceso coñecidas e reguladas.

- Prestación de servizos avanzados, a través do programa “Re-Acciona” renovado e reforzado co obxectivo de contribuír á mellora competitiva da empresa, me-estratéxico das empresas, de dixitalización industria 4.0 e novos servizos de apoio á innovación desenvolvidos en colaboración coa GAIN.
- Posta en marcha de liñas e servizos específicos no eido da LOXÍSTICA (en resposta aos postulados da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia) e no fomento ECONOMÍA CIRCULAR na acción empresarial galega, especialmente na industria, en resposta á Estratexia Galega de Economía Circular.

A importancia dos clúster para a política industrial de Galicia vén manifestada de dúas formas principais: en primeiro lugar, no papel dos mesmos como panca fundamental na Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, en segundo lugar, cunha política específica que durante este ano se concreta en:

- Continuar a promover a excelencia nos clúster, cunha nova liña de axudas á gobernanza das Agrupacións Empresariais Innovadoras, neste caso esixindo aos agrupamentos a proposta de plans de actuación principalmente nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade e a internacionalización.
- Facer seguimento de iniciativas de clusters emerxentes convocadas no ano anterior con incentivos específicos a clusters emerxentes.
- Promover a través dos propios clusters e outros organismos intermedios de carácter empresarial a execución de obradoiros de dixitalización, sostibilidade, loxística avanzada e proxectos de hibridación intersectorial para a xeración de novos produtos ou servizos conxugando as diferentes capacidades de eidos de actividade non conexas.
- Manter ao empresariado galego atendido de xeito inmediato coa reformulación do programa IGAPE RESPONDE, que atenderá a empresas e autónomos nos distintos eidos de necesidade ou preocupación coxuntural das súas empresas, así como dispón dos servizos de atención aos emprendedores e acompañamento de proxectos estratéxicos de investimento en Galicia.

2º.- Plan Galicia Inviste.- O Igape porá en marcha distintas liñas de actuación de financiamento dos investimentos das empresas galegas que contribuirán:

- A apoiar e incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- A estimular unha maior dimensión das empresas galegas.
- A favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das pemes.
- A favorecer o acceso ao crédito bancario para a financiación do capital corrente das pemes.

- A mobilizar o financiamento privado nos ámbitos do emprendemento, a industria 4.0 e a innovación empresarial.
- A promover a diversificación, reorientación ou cambio de negocio a partir da hibridación e a correspondencia oferta/demanda sectorial.

As distintas actuacións contempladas neste plan son as seguintes:

- Subvencións a fondo perdido para incentivar o investimento e o crecemento empresarial que, en determinados casos, poderán combinarse, en unidade de expediente, con préstamos mediante a fórmula de préstamos parcialmente reembolsables, como medida de eficiencia e simplificación administrativa.
- Liñas de acceso ao financiamento operativo avalando operacións de investimento, de capital corrente e outro tipo de garantías, mediante convenios subscritos coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras, como o do programa de "Reavais".
- Programas de avais para facilitar o acceso ao financiamento de investimentos e de capital circulante.
- Programa de préstamos directos para financiar grandes proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia, así como liñas específicas de préstamos que financien actuacións sectoriais concretas e, en particular, apoio á liquidez das industrias máis afectadas polos incrementos de prezos dos aprovisionamentos e as subministracións enerxéticas.
- Préstamos destinados á novación de débedas derivadas doutros préstamos impagados e novacións modificativas de préstamos en vigor.

Para as diversas actuacións, o IGAPE contará coa colaboración de distintos organismos facilitadores de financiamento (entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca, entre outros). A participación do IGAPE no marco destes convenios suporá a concesión de avais e reavais e compensacións ás sociedades de garantía recíproca, tanto como entidades colaboradoras, como para apoiar a súa solvencia.

Ademais dos propios apoios do Instituto, as medidas de impulso dos investimentos empresariais complementanse coa tramitación, coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Facenda, a través da liña de Incentivos económicos Rexionais, e a coordinación e acompañamento noutras liñas de financiamento como as que convocan os distintos Ministerios e outros organismos estatais e as de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

3º.- Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega.- Contribuirá a fomentar a internacionalización, como base para a competitividade do tecido empresarial galego.

A través de actuacións, medidas, servizos e instrumentos, a actuación do IGAPE focalizarase no aumento e consolidación no exterior das empresas galegas. Así como á atracción de investimento produtivo, comercial e financeiro cara Galicia, contribuíndo á promoción económica e ao crecemento empresarial.

As liñas de actuación promoverán:

- A cultura da internacionalización: mediante a especialización e a capacitación dos recursos humanos das empresas.
- Incrementar e consolidar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais: mediante a identificación de mercados e oportunidades nos que as capacidades das empresas galegas presentan vantaxes competitivas e desenvolvemento e programas/ accións en función de ditas oportunidades e das necesidades das empresas galegas con potencialidade para as mesmas.
- Consolidar a imaxe de Galicia no exterior: para mellorar o posicionamento de Galicia e a percepción dos produtos e servizos. Imaxe de marca.
- Fomentar a cooperación empresarial e institucional en prol da imaxe de Galicia e das súas empresas no exterior.
- A atracción de investimento do exterior que contribúa a incrementar o tecido produtivo galego, a crear novos postos de traballo e a completar cadeas de valor sectoriais.

O IGAPE, como coordinador das políticas de Internacionalización da Xunta de Galicia, baseará a súa actuación no reforzo da colaboración e coordinación entre os distintos axentes públicos e privados.

Na procura de multiplicar a eficiencia dos recursos públicos, o IGAPE prestará especial atención ás iniciativas de colaboración de entidades e principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

A cooperación empresarial será fundamental para poder seguir avanzando, con paso firme, cara á consolidación das empresas galegas nos mercados exteriores máis activos polo que incidiremos especialmente en programas orientados a fomentar e facilitar a cooperación empresarial de cara á internacionalización conxunta ou ao intercambio de boas prácticas en internacionalización.

Neste sentido, a área de Internacionalización seguirá apoiando e desenvolvendo os programas de apoio, Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e Galicia Exporta Dixital. Da mesma forma, continuará desenvolvendo e apoiando outras liñas tamén xa en funcionamento como son Xestores de Internacionalización, Foexga e Sinexría en colaboración coas cámaras de Comercio Galegas, así como a consolidación das Antenas do IGAPE no exterior e a apertura de dúas novas antenas ao longo do exercicio.

Coa finalidade de favorecer a adaptación das empresas á nova situación (adaptación á internacionalización dixital + márketing dixital + actualización do comercio internacional no actual contexto + trámites aduaneiros e loxística internacional e continuando co iniciado no ano 2022, seguirase co programa de Formación (Fómate Internacional).

Co obxectivo de apoiar as empresas nos mercados internacionais de licitacións preténdese implantar un servizo de consultoría que permita ás empresas dispoñer tanto dunha plataforma que facilite a información das ofertas de contratación pública internacional como que lle permita facer unha análise da súa potencialidade neste tipo de mercado. Grazas a un convenio de colaboración coa CEG (Confederación de Empresarios de Galicia), a través de esta organización ofreceranse servizos de licitacións internacionais e de consultoría especializada nas mesmas.

Continuarase traballando nos programas lanzados no 2022 pola Área de Internacionalización, tales como:

Galicia Avanza: Programa iniciado en 2022 en colaboración con Gain e Tecnópole. O obxectivo principal é acelerar a transferencia da innovación ao mercado para xerar valor económico, emprego e ofrecer solucións as demandas sociais e industriais. Galicia Avanza é un programa de aceleración especializado na comercialización exterior que persigue fortalecer a internacionalización das solucións innovadoras en produtos ou servizos das pemes galegas no menor tempo posible.

Plan Contract: dentro de un sector considerado estratéxico, que se ven apoiando desde hai anos, e seguiremos a apoiar no ano 2023. O obxectivo do plan Contract é favorecer a internacionalización e obtención de novos clientes internacionais as numerosas empresas galegas do sector contract ampliando o seu abanico de clientes e sectores de actuación.

Entre as novas actividades a desenvolver pola Área de Internacionalización, cabe destacar :

IGAPE Contigo: Programa que pretende dar a coñecer casos de éxito de empresas galegas que se haxan internacionalizado, e que sirvan de modelo para outras empresas galegas cuxo obxectivo sería a implantación en mercado exteriores.

Convenios particulares coas Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior (AEGAS): Os Convenios coas diferentes AEGAS pretenden dinamizar as relacións entre os empresarios galegos do exterior e os empresarios galegos de Galicia buscando colaboracións e acordos tanto privados como públicos e institucionais que contribúan ao desenvolvemento das empresas galegas e ao acceso a novos mercados e clientes.

Esta combinación de accións complementarias adecúanse dentro dunha estratexia de internacionalización 2021-2025, na que algúns dos obxectivos xa están cumpríndose, e noutros estase traballando para acadalos antes do remate do ano 2025:

- Crecemento do negocio Internacional: Superar os valores precrisis alcanzando un máximo histórico de exportación: 25.000M€.
- Incremento da base exportadora: Chegar as 8.000 empresas exportadoras
- Diversificación de mercados: Crecer nos nosos mercados obxectivo fóra da UE. especialmente en América do Norte, América do Sur, Asia e o Reino Unido.
- Internacionalización Dixital: Alcanzar as 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente no 2025.
- Talento Internacional: Conseguir e dar a coñecer ás empresas 500 profesionais galegos especializados en internacionalización.

4º. Programas de apoio e impulso ás startups en Galicia

O IGAPE mantén nos orzamentos as asignacións aos FOCOS DE EMPRENDEMENTO SECTORIAIS, co que estima seguir cofinanciando e dirixindo a Business Factory Auto (BFA), que ven de ser complementada coa incubadora de alta tecnoloxía no sector da automoción High Tech Auto, a Aeronautics Business Factory (BFAero) no sector aeronáutico e, no sector da industria alimentaria, a Business Factory Food (BFFood), así como promover e cofinanciar novos focos en algún sector novo de especial interese como a loxística, a moda, a economía circular, o retail ou a Industria marítima.

O ano 2023 iniciará a resposta á Axenda de impulso ás startups en Galicia, coa que se perseguirá a internacionalización das startups, a súa consolidación e tamén o reforzo do ecosistema da man dos axentes principais na economía galega do emprendemento innovador.

En todas estas actividades fomentárase a dixitalización das empresas, tendo en conta a aceleración desta tendencia nos modelos de negocio provocada polo COVID

5º.- Programa Galicia Capacita.- Como elemento e peza clave na mellora da competitividade das empresa galegas, o IGAPE manterá e reforzará o programa de formación e desenvolvemento directivo.

No Programa Galicia Capacita contéplanse accións en tres eixos: formación e difusión, profesionalización, estratexia e novos modelos de negocio e cooperación. Estes tres aspectos resultan totalmente determinantes da competitividade das persoas e as organizacións e, polo tanto, das competencias necesarias para a profesionalización das empresas e así incrementar a súa solidez, capacidade de resistencia ante circunstancias adversas e afirmar as bases dun crecemento sostido e sostible a medio e longo prazo.

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír a capacitación, ao desenvolvemento e á modernización empresarial, que o Instituto vén facendo, especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o

De carácter honorífico e dotado cun trofeo acreditativo, é o recoñecemento á traxectoria profesional consolidada dun/dunha artesán/á galego/a. O premio concédese tendo en conta as propostas dos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, asociacións profesionais de artesáns ou outros entes públicos e privados que manteñan relación coa artesanía de Galicia, encargadas de facer a presentación das candidaturas. Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia.

- Bolsa Eloy Gesto 2023

Dotada con 4.000 euros e diploma acreditativo. Premia a candidatura que presenta unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoloxías, o curriculum da persoa candidata e a potencialidade de incorporación desta formación para a elaboración dun produto artesanal innovador.

3.2. Revista Obradoiro de Artesanía 2023

Coordinación da edición anual do número 21 da revista Obradoiro de Artesanía. Escaparaté da ampla diversidade e riqueza do produto artesan galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

3.3. Publicacións especializadas e redes sociais

A Fundación elabora periodicamente dossieres, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualiza-

da e utiliza as redes sociais (Facebook, Pinterest, Instagram e Twitter) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.

A Fundación coordina, promove e difunde a través das redes sociais diferentes actuacións de interese para o sector.

- Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.
- Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
- Difusión de tutoriais online.
- Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
- Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
- Formación para a mellora do deseño web.
- Difusión, publicación e novidades de interese para o sector.
- Difusión de casos de éxito na colaboración.

4. ARTESANÍA INNOVADORA E COLABORATIVA

Obxectivos xerais:

- Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.
- Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.

Accións a desenvolver

4.1. Accións de promoción da artesanía entre os sectores non artesáns de maior interese para a cooperación. Accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e do “saber facer” dos seus profesionais. Artesanía no Prato.

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.).

4.2. Accións de colaboración con Escolas de Arte e Superiores de Deseño, Universidades e deseñadores/as profesionais.

A Fundación continuará traballando nestas accións co fin de crear vínculos entre o alumnado, deseñadores profesionais e obradoiros artesanais durante o exercicio 2023.

4.3. Conferencia Hispano Lusa sobre Artesanía e Turismo organizada de forma conxunta polos CRN de Agroturismo e Artesanía.

Perspectiva de xénero:

A Fundación Pública Artesanía de Galicia dirixe as súas actuacións ao desenvolvemento e promoción do sector artesanán. Estas medidas benefician por igual a mulleres e homes, xa que están dirixidas ás artesás e aos artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

En todas as actuacións da Fundación, as mulleres e os homes están no mesmo punto de partida para acceder ás actividades e aos proxectos que leva a cabo: cursos de formación, participación en feiras de carácter internacional e autonómico, colaboración en campañas de promoción da marca Artesanía de Galicia, difusión de oficios artesanais entre os escolares, etc.

As mulleres e os homes son beneficiarios en igualdade das iniciativas que pon en marcha a Fundación. Os criterios de selección son os vinculados á artesanía, como é o caso de ter o obradoiro rexistrado no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, o propiedade da Xunta de Galicia.

FUNDACION CENTRO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA

No ano 2023 o CESGA desenvolverá as seguintes liñas de actuación:

- Consolidar a nova infraestrutura de Computación de Altas Prestacións:
 - Supercomputador Finisterrae III. Optimizar a oferta de supercomputación do centro e atraer novos proxectos de I+D+I e posicionar ó CESGA como un dos máis importantes centros de competencias en Computación de Altas Prestacións a nivel Europeo.
 - Sistema Permanente de Datos. Atraer proxectos estratéxicos de datos científicos, consolidando o centro entre os nodos de datos máis importantes dentro da Rede Española de Supercomputación.
 - Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA). Incrementar a capacidade da rede ampliando a velocidade dos circuítos principais a 100 Xbps entre os nodos principais e estender a fibra óptica a Centros Tecnolóxicos.
- Consolidar a investigación e innovación en tecnoloxías cuánticas, fundamentalmente en computación e comunicacións cuánticas:
 - Desenvolver as actividades do Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia
 - Despregar un dos primeiros computadores cuánticos do Estado
 - Despregar unha infraestrutura de comunicacións cifradas con intercambio de claves cuánticas, sobre un circuítos de fibra óptica de media distancia.
 - Consolidar personal de alta cualificación para proxectos de I+D+I relacionados coa computación e as comunicacións cuánticas.
- Fortalecer as capacidades de investigación do CESGA
 - Captar personal de alta cualificación para proxectos de I+D+I relacionados con outras áreas estratéxicas do Centro.

- Aliñamento co Programa Dixital Europeo:
Apoiar a transformación dixital da economía e da industria impulsando o despregamento e implantación das tecnoloxías clave para reducir a fenda dixital nas cinco áreas prioritarias que marca a dita axenda.
 - a) Computación de alto rendemento (HPC): Fomentar o emprego da supercomputación e computación cuántica.
 - b) Intelixencia artificial (IA): Servizos cloud, espazos de datos para axudar a creación de instalacións para experimentación e probas.
 - c) Ciberseguridade: Principiar o despregamento de redes de comunicacións confiables e seguras mediante o emprego de cifrado cuántico.
 - d) Habilidades dixitais: Contribuír á formación de novos profesionais en tecnoloxías TIC avanzadas.
 - e) Despregamento e uso de tecnoloxías: Apoiar ós centros de investigación e tecnolóxicos, ós Hubs de innovación dixital así como ás empresas e ós proxectos da Civil UAV Initiative para fomentar a chegada ó mercado de produtos e desenvolvementos tecnolóxicos avanzados.
- Fortalecemento das capacidades do centro:
 - Manter un conxunto competitivo e actualizado de servizos de alta calidade.
 - Incrementar o nivel de participación en actividades de investigación, en colaboración con outras entidades.
 - Incrementar a cantidade e calidade das actividades internacionais.
 - Posta en marcha do novo Plan Estratéxico
 - Mellorar a seguridade do centro a través a norma ISO 27001.
 - Acrecentar a sustentabilidade do centro e proseguir na mellora da eficiencia enerxética.
 - Incrementar a transferencia de coñecemento e difusión das actividades do centro.
 - Impulsar actividades asociadas á capacitación do persoal.
 - Despregamento do III Plan de Igualdade do CESGA (2022-2025).
 - Modernizar as ferramentas de xestión internas.

As liñas de actuación anteriores, están aliñadas cos seguintes obxectivos estratéxicos que o CESGA ten marcados como prioritarios:

- a) Fortalecer a actividade como un centro de excelencia para a Ciencia Computacional Aplicada.
- b) Fortalecer a presenza na industria.
- c) Fomentar a internacionalización.

Cada un destes tres obxectivos estratéxicos levan aliñados tres obxectivos operativos.

1. Obxectivo estratéxico: excelencia en Ciencia Computacional:
 - Obxectivos operativos:
 - Lograr a excelencia en servizos computacionais e de comunicación de alto rendemento.
 - Impulsar a investigación en Ciencia Computacional
 - Mellorar a sustentabilidade do centro e a súa autonomía económica e financeira.
 - Modernizar a operatividade do CESGA mediante a mellora da calidade e as certificacións oficiais.
2. Obxectivo estratéxico: forte presenza na industria, mediante cooperación.
 - Obxectivos operativos:
 - Aumentar o número de proxectos coas principais industrias de Galicia.
 - Desenvolver unha liña de proxectos e servizos para pemes.
 - Acadar unha forte especialización nas actividades de investigación en ciencias computacionais aplicadas.
3. Obxectivo estratéxico: internacionalización.
 - Obxectivos operativos:
 - Aumentar a visibilidade internacional do CESGA
 - Fortalecer a relación con entidades similares ao CESGA a nivel internacional.
 - Aumentar a calidade dos proxectos presentados e captados polo CESGA en convocatorias europeas e internacionais.
 - Fomentar a mobilidade internacional de investigadores e técnicos.

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

Para o ano 2023 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos:

- 35º Feira do Moble de Galicia.
- 11ª Feira de Oportunidades de Comercio.
- 7º Salón do Vehículo de Ocasión.
- 64º Feira de Antigüidades (Marzo), 65º Feira de Antigüidades (Maio) e 66º Feira de Antigüidades (Decembro).
- 4ª Feira Multisectorial ExpoEstrada
- 9º Salón Motor Classic.

- Aluguer das Instalacións para a organización de distintos eventos.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a impartición do Ciclo de Formación Reglada da Madeira.
- Convenio coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de promoción comercial.
- Convenio co Concello da Estrada para a realización de diversas actividades no recinto (tenis, karate, xudo, Festival de baile tradicional Tequexeteldere)
- Organización de Talleres e Xornadas Técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- XXVIII Edición do Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela.
- Dinamización sociocomunitaria con diversos colectivos : amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Aluguer das oficinas que albergan o Viveiro de Empresas.

Perspectiva de xénero:

Tendo en conta que mulleres e homes, estamos a compartir un mesmo contorno social, económico, político e cultural, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, contempla o deseño e execución de todos os seus programas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre ambos colectivos, non existindo discriminación nin prevalencia dun sobre doutro.

A entidade considera prioritaria a corresponsabilidade entre os xéneros, sabedores de que, existe un ritmo diferente entre a incorporación do colectivo masculino ó espazo privado e do feminino ó espazo público.

A entidade, trata de limitar, na medida das súas posibilidades, os roles sexuais, tratando en cada evento de integrar as capacidades e intereses de todos e todas.

Os eventos (basicamente certames de promoción económica), están dirixidos a cubrir as necesidades e intereses detectados na cidadanía, promocionando e fomentando en cada un deles a promoción integral de ambos xéneros en igualdade de condicións.

A execución de certames da entidade, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como os nosos usuarios (visitantes fundamentalmente).

Recentemente, sendo coñecedores das desigualdades existentes, estanse a executar programas específicos de promoción do sector feminino (Feira de Labores e encontros de palilleiras), fomentando en todo caso a non discriminando por elo a do colectivo masculino.

Todos os programas financiados dende a Fundación, con cargo aos orzamentos públicos, inciden directa e indirectamente no colectivo de empresarios/as, emprendedores e visitantes. Igualmente e neste senso, os certames xeran un importante impacto socioeconómico no entorno inmediato.

Os certames deseñados, están destinados indistintamente aos diferentes colectivos, sen priorizar ningún deles fronte ós demais (homes, mulleres, discapacitados, etc...).

En ningún dos nosos certames de promoción económica, se contempla a existencia de estereotipos de xénero que limite a participación activa de ningún tipo de colectivo. En todo caso, a participación, é un fiel reflexo da sociedade.

Obxectivos en materia de igualdade de xénero:

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade de oportunidades.
- Limitar os roles sexuais así como, os estereotipos que impiden a transversalidade de xénero.
- Promocionar as actividades socioeconómicas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incitar á participación activa das mulleres nos diferentes ámbitos sociais e como axentes activos e dinamizadores do desenvolvemento rural.

Conclusión: Os programas executados dende a entidade, son de dobre índole: Programas que financian actuacións que inciden directamente sobre as mulleres e programas que financian gastos xerais en bens e servizos accesibles a toda a poboación. Dentro dos primeiros atópase o Encontro de Palilleiras. Dentro do segundo apartado, todos os demais eventos: Feira do Moble de Galicia, Feira de oportunidades do Comercio, Feiras de antigüidades, Salón Motor Classic etc...

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A pandemia COVID-19 acontecida no ano 2020 provocou unha crise caracterizada pola rapidez e alcance dos seus efectos en Galicia orixinando unha desaceleración no seu crecemento económico. Agora que a situación sanitaria está controlada e se volve paulatinamente á normalidade, o obxectivo da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2023 é seguir reforzando a recuperación do desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de eventos comerciais profesionais ou empresariais para lograr unha dinamización económica que permita volver aos niveis de crecemento económico, de máis oferta de emprego e de mellor calidade e cunha base nunha modernización e aumento do tecido produtivo que xere unha maior competitividade e sustentabilidade.

Para acadar ditos obxectivos están previstos a realización de 15 eventos coas seguintes características:

- Exposición Nacional e Internacional Canina Este salón que albergará unha espazo dedicada ao concurso morfolóxico canino así como unha zona para a exposición de artigos e servizos relacionados co mundo canino.
- Feira de Multisectorial de Lugo, de carácter público xeral, con periodicidade anual e dirixidas comerciantes pertencen a calquera sector empresarial.
- Arduino Day, Salón da Robótica de Lugo. Este evento baséase sobre todo a coñecer a comunidade tecnolóxica, educativa, industrial, artística,... que medra ó redor compartindo os coñecementos tecnolóxicos.
- Salón da Cervexa de Lugo
- XVI edición do Salonauto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar
- XVI edición de Motorocasión, salón do vehículo usado e de ocasión.
- XII edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestras que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia.
- XVI edición Equigal , Salón Internacional do Cabalo de Galicia que consta da VI edición de Concurso Nacional de Salto de Obtáculos e XVI Concurso Morfolóxico de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española
- Super campamento verán Lugo. Campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos.
- V edición Caudal Fest. É un festival que ten lugar na época estival no parque do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo que ofrece unha gran variedade de artistas de distintos estilos musicais con recoñecemento nacional e internacional.
- XXV edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroalimentario, de artesanía e de maquinaria agrícola.
- X edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc.
- I edición de DRONLUGO. Neste evento vanse expoñer os avances tecnolóxicos acadados ata o momento en cada uno dos sectores máis relevantes de vehículos non tripulados (a industria (instalacións industriais, liñas eléctricas, torres eólicas), transporte (vixilancia e inspeccións do ferrocarril, estradas, ríos), a construción e inspección de estruturas, a agricultura de precisión, seguridade e emerxencias e fotografía e video profesional.
- III Feria das distribuidoras Lucenses. Este salón está dirixido a todas as empresas lucenses interesadas en dar a coñecer os seus produtos
- XXV edición de Xuvenilugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicárase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

A duración destes eventos é de tres ou catro días e nove días de montaxe e desmontaxe, con excepción de Xuvenilugo que dura aproximadamente sobre vinte días e o campamento de verán que ten unha duración de dous meses e dúas semanas.

Coa realización de feiras comerciais de carácter profesional ou empresarial, a Fundación ten o obxectivo de potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos galegos para lograr unha dinamización económica cun maior crecemento e un aumento do emprego de calidade, acadar unha maior competitividade mediante un impulso da economía, e todo iso acompañado de unha maior cohesión social, benestar e calidade de vida.

As feiras é un dos instrumentos máis efectivos de mercado que ten como finalidade incrementar as oportunidades de negocio e a cota de mercado e mellorar a competitividade dunha empresa, aproveitando ao máximo os contactos que esta adquire cos diferentes públicos, á vez que é unha actividade empresarial. É unha inversión na que se canalizan todas as accións de comunicación, relacións públicas, promoción e imaxe que a empresa realiza. Nun espazo curto de tempo, estas accións se intensifican a un maior ritmo e en presenza dun numeroso público, logrando chegar dunha soa vez tanto a clientes actuais como potenciais, competencia, prensa e incluso ao entorno político, cun aforro importante en custos. Estes encontros tamén se rentabilizan en aprendizaxe, innovación, produtividade, establecemento de alianzas, compartir coñecementos e ideas, creación de valor engadido e un mellor desenvolvemento do networking.

Por outra banda, seguirase realizando o máximo esforzo para ir albergando unha número similar de eventos de diversa índole ao de anos anteriores ao 2020, enfocados a reactivar a nosa economía: cursos de formación de desempregados dirixidos a formación e especialización en sectores estratéxicos galegos, congresos e xornadas, encontros entre emprendedores, grupo de compras, etc, así como outros de carácter deportivo e cultural: concertos, galas, encontros deportivos, exposicións, representacións teatrais, etc.

Con motivo do COVID-19, a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo levará a cabo estas actividades seguindo as recomendacións e a normativa establecida polas autoridades competentes durante dito exercicio e dispón dun Plan de Continxencia no que se recollen os protocolos de seguridade e saúde que se adoptan para minimizar os riscos de contaxio tanto para traballadores como para visitantes.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

Obxectivo Xeral:

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas, deportivas, e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense.

Aposta pola internacionalización:

En canto á internacionalización fíxase como obxectivo o apoio ás empresas nesta materia e na proxección da súa capacidade innovadora, así como no apoio ós autónomos e ás microempresas na búsqueda de novos clientes e mercados. Dado o contexto actual pandémico que dificulta a chegada de profesionais doutros países, abordaranse accións de carácter híbrido (mix de presencial e dixital) que permitan manter a presenza e contacto con potenciais clientes estranxeiros mediante medios telemáticos.

Labor Social:

En relación ó labor social que ven desenvolvendo a Fundación dende hai anos, estudaranse novos acordos de colaboración con asociacións ou organizadores que traballen a favor da sociedade dende diferentes ámbitos.

Liñas de Traballo:

Derivado da instalación da pista de atletismo, e do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte que regula o uso deportivo da mesma, durante os catro meses de inverno levaranse a cabo múltiples actividades deportivas compaxinándoo coa xestión feiral por parte da Fundación. Polo tanto entre os obxectivos para 2022 encóntrase apostar pola comercialización das salas de actos, e incidir en actividades formativas, adaptándonos á infraestrutura dispoñible, así como redeseñar proxectos que poidan complementarse coa ampliación das instalacións levada a cabo durante o ano 2020 que supón un incremento de 400 m2 do espazo expositivo.

Un dos retos fundamentais para o ano 2023 será o mantemento do salón XANTAR, que durante máis de vinte anos se ten celebrado no primeiro trimestre do ano, no último trimestre do ano co fin de facilitar a continuidade da temporada de atletismo indoor ata fin de marzo.

Expourense para o ano 2023 ten previsto a realización das feiras que se relatan a continuación. Todas elas son eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, algunhas a nivel internacional:

Feiras:

- 16ª Edición: Previsel "Salón da Prevención e Seguridade Laboral"
- 1ª Edición: Mercado Transfronterizo
- 1ª Edición: Salón do Automóbil- vehículo Ecolóxico de Galicia
- 5ª Edición: Salón do Automóbil- Car Outlet
- 10ª Edición: Vinis Terrae "Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade I"
- 1ª Edición: Salón de Vehículos Clásicos
- 21ª Edición: Termatalia "Feira Internacional del Turismo Termal"
- 14ª Edición: Salón do Automóbil-Vehículo novo
- 14ª Edición: Salón do Automóbil- Vehículo de ocasión

- 24ª Edición: Xantar “Salón Internacional de Turismo Gastronómico”
- 6ª Edición: Sportur Galicia “ Feira do Deporte e Turismo Activo”
- 7ª Edición: Antiq Auria “ Feira Internacional de Antigüidades”

Actividades paralelas:

- Xornada de divulgación das enerxías renovables.
- Cursos formativos AFD
- XV Encontro Internacional sobre Auga e Saúde enmarcado dentro da feira Termatalia, e que contará con expertos a nivel internacional.
- X Foro da Comunicación de Galicia, no que se darán cita empresarios e profesionais do sector.
- Xornada de Exaltación da Calidade, sumándonos a outras empresas e institucións para conmemorar o Día Internacional da Calidade.
- Congreso Internacional de Turismo deportivo.
- Concurso de Proxectos Empresarias.

Actividade Deportiva:

- Meeting Expourense Aqualia
- Campionatos Gallegos
- Xornadas “Xogando ao Atletismo”
- Controles de Marcas
- Campionato do Mundo do Atletismo Adaptado
- Campionato de Atletismo de España Sub 20
- Campionato Galego de Bádminton
- Liga Iberdrola Feminina (Bádminton)
- Fase de Liga Nacional (Bádminton)
- Xornadas Xogade
- TTR Galicia (Bádminton)
- Campionato de España Intartil Hockey Sala
- Campionatos Galegos Hockey Sala
- Fase Final Liga Galega Hockey Sala
- Rallye Clásicos
- Rallye de Ourense
- Trofeo Cidade de Ourense- Kickboxing
- Torneos de Xadrez

Durante o 2023 traballárase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Incrementar a actividade deportiva co máximo rendemento da pista de atletismo.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.
- Estudar a viabilidade de novos proxectos feirais que nos permitan substituír outros que xa non son tan rendibles.
- Revisión de taxas, tanto de aluguer de instalacións como de comercialización das feiras, redeseñándoas, co ánimo de animar á contratación de espazos.
- Consolidarnos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

Breve historia de EXPOCORUÑA

O recinto de EXPOCORUÑA foi creado no 2008 para ser o marco adecuado e flexible para adaptarse a feiras, congresos, competicións deportivas, xuntanzas de empresa, concertos, exposicións, desfiles, festivais ou obradoiros.

O deseño correu a cargo do Arquitecto Luis Collarte, recibiu en 2008 o premio ao Mellor Proxecto Urbanístico que concede a prestixiosa Revista Actualidade Económica.

Infraestruturas

O recinto conta con 19.000 m2 de espazo interior y 8.000 m2 de espazo exterior. Dispón de distintos espazos:

- Hall
- Atrio
- Espazos Nave
- Galería
- Aulas
- Auditorio

- Aparcadoiro

Conta con un auditorio, adecuado para calquera tipo de evento coma concertos, teatro, eventos corporativos, entregas de premios ou proxeccións.

Ademais, dispón de Salas Multiusos e Aulas pensadas para impartir tanto cursos de formación coma talleres ou serviren de backstage para os distintos eventos como desfiles de moda ou concertos.

Análise interno EXPOCORUÑA

A evolución do negocio, medido en eventos realizados e en días de ocupación de actividades de produción propia como de aluguer de espazos, pódese segmentar en dous períodos:

- I. 2008 ao 2012. Período marcado por unha tendencia positiva na actividade. A promoción e visibilidade dos nosos espazos levábase a cabo a través da realización de eventos propios e a presenza en redes sociais.

2012 ata a actualidade. Este período ven marcado pola instauración dunha nova política interna de axustes do orzamento e a consecuente decisión de diminuír as actividades propias. Neste período modifícanse as canles para a promoción da actividade, a través de:

- Asociacións feirais (AFE e AGAFE) potenciando e mellorando os intercambios comerciais, fomentando as boas relacións entre os seus membros e favorecer a creación de feiras e eventos corporativos comerciais estimulando a coordinación e cooperación entre todos os asociados.
- Convention Bureau da Coruña, reforzando a imaxe da Coruña e a súa área metropolitana como destino de referencia para a atracción de grandes eventos e encontros profesionais. Integrar sectores estratéxicos da economía local con potencial e convertelos no desenvolvemento intelectual, sostible e de negocio da cidade. Crear unha rede de embaixadores para identificar as persoas da comunidade científica, médica, social e empresarial local para que se involucren activamente na captación de eventos.
- Clúster de Turismo, Galicia MICE e OPC Galicia, reactivando o turismo de encontros profesionais, incentivos, convención, exposición (MICE). Realización de Fam Trips integrados por profesionais do sector MICE que materializan visitas de prospección para traer eventos ao noso recinto e transmitir in situ as nosas fortalezas.

Dende o punto de vista económico financeiro os resultados veñen marcados por dous aspectos: A elevada amortización do inmovilizado, derivada do gran investimento realizado e, en segundo lugar, a instauración da nova política de axuste dende 2012. Deste xeito o resultado acumulado no período 2012-2021, se non temos en conta a amortización, é positivo.

Nos anos 2020 e 2021, pola situación excepcional provocada polo COVID, EXPOCoruña acolleu un hospital de campaña, dando unha cobertura pública durante a pandemia. Dita situación afectou directamente á programación de actividades, quedando severamente prexudicada economicamente.

A partir de novembro de 2021 EXPOCoruña retoma a súa actividade e recupera gradualmente os seus resultados positivos.

A aposta de EXPOCoruña segue sendo a celebración de eventos con marxe positiva.

2. Diagnóstico da situación

Fortalezas:

- Polivalencia dos espazos e das salas, tanto para poder celebrar distintos tipos de eventos como para distinto número de asistentes.
- Arquitectura vangardista do edificio, no referente ao deseño exterior como na decoración e mobiliario interior.
- Dispón de salas adaptadas para eventos musicais e deportivos.
- Servizo integral aos expositores que inclúe asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.
- Ubicación e accesibilidade, con aloxamentos, centros comerciais nas cercanías. Facilidade para aparcamento, tanto no parking propio como na contorna.
- A súa capacidade permite facer macroeventos.
- O estar a carón do Coliseo permite facer eventos combinados.
- A capacidade de facer difusión dos EVENTOS como parte do servizo (AGAFE, Consorcio de Turismo, Clúster de Turismo, Galicia MICE, Concellaría de Turismo, RRSS, etc.).
- Capacidade de innovación e de ser pioneiros como lanzadeira de eventos que se orixinaron en EXPOCoruña e que hoxe son un éxito.
- A maridaxe de eventos (por exemplo facer una feira+concerto, congreso+exposición, etc.) é un concepto exclusivo de EXPOCoruña
- Capacidade de simultaneidade de eventos.
- Diagnóstico da situación

Debilidades:

- Persoal reducido.
- Situación económica do centro que limita a capacidade de inversión.
- Escasa proxección pública dos servizos que non están relacionados coas feiras, actividades formativas, ...
- Non é posible facer difusión en publicacións especializadas do sector polas restricións económicas.

Oportunidades:

- A Coruña é un destino pouco explotado no ámbito do turismo de negocios.
- Potencial de crecemento de marketing de eventos fronte a outras fórmulas máis clásicas.

- Organización de festas únicas.
- No referente ao aluguer de espazos, existe unha puxanza na formación de empresas que necesitan alugar centros de formación e servizos.
- A competencia é moito menor para o segmento de eventos con un gran número de asistentes. Ningún dos competidores existentes ten capacidade para organizar eventos da magnitude de EXPOCoruña.
- Celebración de feiras híbridas (presenciais + virtuais) con sede en EXPOCoruña.

Amenazas:

- A actual situación económica que fai que os operadores contraten menos eventos, ademais é moi difícil manter as feiras que se organizaban tódolos anos, e aquelas que se manteñen baixan o número de días de ocupación.
- Aumento da morosidade.
- A competencia local doutras áreas expositivas, palacios de congresos, hoteis, fundacións, etc., que ofertan os mesmos servizos, espazos... Ademais dun alto número de recintos feirais, auditorios e palacios de congresos a nivel autonómico.
- O tamaño das empresas e o mercado galego é mediano ou pequeno o que limita a promoción de grandes eventos.
- A incerteza en xeral neste ano, e a inflación coas altas taxas de intereses, o aumento dos prezos das enerxías e dos produtos básicos, preocupan o noso futuro económico e traerá unha notable desaceleración no ritmo do noso crecemento, mingando os nosos ingresos entre o 10% e o 15%.

3. Obxectivos

- EXPOCoruña quere ser recoñecida como unha organización:
- Innovadora: que marca o camiño dunha forma de facer as cousas. Os eventos que albergue EXPOCoruña terán a innovación como pilar e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.
- Profesionalizada: xestionada eficientemente baixo criterios de rendibilidade, excelencia e transparencia.
- Centrada no seu entorno: coñecida polos cidadáns e clientes como unha referencia no sector expositivo galego e no ámbito dos servizos á empresas.

Na súa liña de traballo EXPOCoruña para o 2022 seguirá apostando polos valores que configuraron o seu selo de identidade: o deseño, a tecnoloxía, a cultura e a innovación empresarial. Ademais, focalizará os seus eventos cara a exposicións virtuais e híbridas, adaptándose a nova situación na que se atopa o turismo de negocios.

- Deseño: unha das apostas máis firmes de EXPOCoruña. Os proxectos contarán con espazos atractivos e funcionais creados en exclusiva para ese momento. Tamén os expo-

sitores contarán co noso asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.

- **Tecnoloxía:** EXPOCoruña incorpora ao seu proxecto os últimos avances tecnolóxicos, dende as técnicas audiovisuais máis pioneiras ata a xestión áxil e rápida das relacións cos clientes. Apostamos por os eventos virtuais e híbridos con maior proxección nesta nova situación económico-sanitaria.
- **Formación:** fomentamos a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes, contando con colaboradores temporais que dan apoio á nosa actividade diaria.
- **Música:** EXPOCoruña terá a música como unha protagonista máis, creándose deste xeito un espazo apto para grupos de gran calidade e repercusión.
- **Cultura:** exposicións, artes escénicas e dixitais terán o seu espazo en EXPOCoruña, sumándose á xa rica oferta da cidade como un axente dinamizador do panorama cultural. Coa realización de eventos de distintas temáticas apóstase igualmente por ampliar a oferta cultural presente na cidade.
- **Innovación:** novas ideas, conceptos, produtos e servizos.
- A labor como recinto feiral non se limitará ao feito de albergar só feiras; a disposición e características de EXPOCoruña posibilitáanos ofrecer unha alternativa no sector expositivo galego, nacional e internacional, xa que podemos albergar tanto reunións de empresa ou presentacións de produtos, como a organización de eventos de distintas dimensións, festivais de música ou competicións deportivas.

3.1 Obxectivos estratéxicos

Os principais obxectivos estratéxicos son:

- **Autofinanciación.** Por unha banda xerando actividade e ingresos dabondo para equilibraren a conta de gastos de IFECO e, por outra, reducindo custos que poidan ser trasladados ao cliente para que reverta nunha maior actividade.
- **Aumentar a notoriedade de EXPOCoruña,** por medio dunha maior visibilidade e posicionamento.

3.2 Estratexias

- **EST001 Fidelización de clientes,** mantendo para anos sucesivos un programa de colaboración con promotores que levan varias edicións celebrando eventos.
- **EST002 Redución de custos e posibilitando aluguer máis económico** que reverta nunha maior actividade.
- **EST003 Captar como clientes ou prescriptores a empresas eventos e comunicación** a nivel local aproveitando a proximidade con EXPOCoruña.
- **EST004 Provocar a publicación nos medios de comunicación de noticias positivas** relacionadas con EXPOCoruña (Publicity)
- **EST005 Realizar campañas dirixidas a empresas e prescriptores.**
- **EST006 Afondar nas relacións interempresariais e colaboracións externas.**

- EST007 Persuadir aos promotores de eventos locais das vantaxes e bondades de EXPOCoruña.
- EST008 Incentivar accións comerciais nos intermediarios.
- EST009 Establecer vínculos comerciais con prescriptores e con outros recintos feirais.
- EST0010. Potenciación da imaxe de marca EXPOCoruña baseada nos valores corporativos.

3.3 Plan de acción

Estratexias e accións

- EST001
 - Envío de comunicación de agradecemento.
 - Newsletter específico para carteira de clientes.
- EST002
 - Negociaremos prezos á baixa, co ánimo de incentivar o aluguer dos nosos espazos, adaptándonos á tendencia actual do sector e esixencias da demanda.
- EST003
 - Contactos con empresas locais e nacionais que realizan eventos corporativos.
 - Accións de marketing directo: mailing, newsletter, plan de visitas ao centro e de visitas a clientes.
- EST004
 - Procedementos de comunicación: atención a solicitudes de información, envío de notas de prensa, inserción de noticias y mantemento web.
 - Comunicación RRSS. Dar un novo impulso ás nosas redes sociais, publicando calquera novidade a tempo real, sobre todo durante a celebración de eventos, e facendo promoción da nosa marca.
 - O contido das Redes Sociais baséase en eventos presentes ou próximos en cada momento e a comunicación de marca EXPOCoruña.
 - Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan unha menor rendibilidade, nos aporten visibilidade.
 - Convenios e colaboracións con Institucións Públicas e privadas.
- EST005
 - Participación en foros de debate e xornadas.
 - Asistencia a eventos empresariais organizados por institucións públicas ou iniciativas privadas. Nestes encontros aproveitamos para facer networking e dar a coñecer as nosas instalacións.
 - Potenciar a nosa web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non so a nivel local senón tamén a nivel nacional e interna-

cional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.

- Edición de catálogo comercial.
- Newsletter e emailing específicos.
- Accións de comercialización mediante a invitación a responsables de empresas locais, nacionais e internacionais para visitar e coñecer in situ as nosas instalacións. Esta actividade axuda á filiación e ao nacemento de “embaixadores” de EXPOCoruña.
- Eventos propios e/ou en colaboración. Apórtannos visibilidade e actividade, ademais de cumprir cos fins marcados nos nosos estatutos conseguindo un retorno económico. Estamos en proceso de análise de posibles feiras que resulten viables e buscando realízasas en colaboración. Pequenos eventos propios con mínima necesidade de financiamento. Adaptarémonos ás necesidades sociais actuais, con aluguer de salas de reunións a prezos moi axustados. Con estas iniciativas conseguiremos proxección, co mínimo custo.

■ EST006

- A través do Convention Bureau da Coruña canalízanse unha parte da comercialización dos nosos eventos corporativos.
- Presenza en Asociacións empresariais para mellorar a rede de contactos: BNI, AJE, Consulta y Crece, Asociación de Empresarias de A Coruña, etc.
- Protocolo de actuación comercial e comunicación específica para o segmento obxectivo.
- Plan de mellora de contactos a través de RRSS (fundamentalmente LinkedIn).
- Asistencia a feiras e eventos do sector, tanto locais como nacionais e internacionais, facilitando a captación de posibles promotores e facendo networking en visitas a feiras do sector dos eventos: IBTM en Barcelona, MIS en Madrid, Iberian MICE en Madrid ou IMEX Frankfurt, entre outros.
- Asociación a entidades do sector feiral e turístico: AFE, AGAFE, Clúster de Turismo de Galicia, Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, Galicia MICE.
- Proceso de internacionalización, para o que temos contactado con persoal do Instituto de Comercio Exterior, Cámara de Comercio, Turismo de Galicia, IGAPE e Turespaña, quen nos facilita información sobre feiras internacionais de sectores clave da economía galega así como os contactos dos seus promotores. Dentro de este proceso de internacionalización atópanse os contactos con recintos feirais do norte de Portugal para o intercambio de proxectos dentro da euorrexión Galicia-Deputación.
- Convenios e colaboracións con Institucións Públicas: Universidades, Concellos, Xunta de Galicia e Deputación.

■ EST007

- Accións de marketing directo.
- En función da dispoñibilidade de fondos, destinaremos unha pequena partida económica a inserción publicitaria en publicacións do sector, tanto en edición dixital como impresa.
- EST008
 - Relación comercial con promotores de festivais, de eventos deportivos e culturais.
 - Acordos de colaboración con empresas organizadoras de eventos e OPCs.
- EST009
 - Establecemento de contactos con potenciais prescriptores: ronda de invitacións personalizadas para que visiten e coñezan o que oferta o edificio de primeira man.
 - Visitas a outros recintos feirais. Estudar posibles colaboracións e intercambio de proxectos. Intentando atraer eventos innovadores e atractivos, de organización propia ou con promotores externos, que se realicen en recintos doutras comunidades autónomas e Portugal.
- EST0010
 - Web. Potenciar a páxina Web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non só a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.
 - Accións de marketing dixital (SEO e SEM) para mellorar o posicionamento en buscadores.
 - Comunicación dixital. Mantemento e actualización da web e das RRSS para elevar o posicionamento da marca e dar visibilidade ás actividades que se desenvolven no Recinto Feiral.
 - Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan pouco beneficio económico, nos aporten visibilidade.

Perspectivas de Valores:

Nunha sociedade cada vez máis esixente e heteroxénea a xestión da diversidade converteuse para nós nunha necesidade prioritaria. Dentro das distintas variables da diversidade, a igualdade de xénero é un dos obxectivos estratéxicos nas nosas políticas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre todos os colectivos, non existindo discriminación nin prevaecía duns sobre outros.

EXPOCoruña sempre que actúa como promotor das súas actividades realiza accións transversais en todos os eventos de creación propia. Desde o ano 2012 a actividade baséase na ce-

sión de espazos e na colaboración en proxectos desenvolvidos por promotores externos, dando prioridade a aqueles economicamente viables. Como recinto feiral establécense recomendacións aos clientes para o uso non discriminatorio na linguaxe e a comunicación corporativa.

Non obstante, EXPOCoruña ten sempre na súa perspectiva uns valores que mantén presentes na realización de proxectos propios ou en colaboración con entidades públicas e privadas. A execución de eventos de EXPOCoruña, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como nos nosos usuarios (visitantes).

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto atender a un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos para o 2023:

- Reto 1. Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Reto 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento.
- Reto 3. Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

Prioridades do reto 1:

- Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vencelladas ao mar mediante a súa utilización como compoñentes de produtos cosméticos; aditivos alimentarios; aplicacións farmacolóxicas; para conseguir unha diminución significativa nos residuos xerados e acadar un posicionamento nos mercados de produtos innovadores con alto valor engadido.
- Desenvolvemento do sector acuícola galego para converter a rexión en referente internacional na xeración de novos produtos e servizos de base tecnolóxica aplicados á acuicultura.
- Diversificación do sector enerxético galego para acadar un melloramento significativo da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos priorizando a biomasa e a enerxía mariña.
- Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandería e forestal) cara á mellora sostible dos indicadores de eficiencia e rendibilidade das explotacións e á xeración de produtos e servizos innovadores.
- Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TICs para acadar un sector turístico competitivo a nivel Europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais.

Prioridades do reto 2:

- Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs], orientado ao fornecemento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía.
- Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de “Fábrica do Futuro” e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria.
- Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs).

Prioridades do reto 3:

- Galicia como rexión líder no sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ao ámbito do envellecemento activo e a vida saudable e na promoción da autonomía persoal.
- Diversificación do sector alimentario galego para posicionalo como referente internacional ó redor da innovación en nutrición como elemento chave para unha vida saudable.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Innovación está integrado por tres subsistemas:

- a) Subsistema de xeración e difusión de coñecemento: Composto por Universidades, Organizacións Públicas de Investigación (OPIs e Grupos de Investigación ligados aos Centros Hospitalarios) e as Organizacións Intermedias de Tecnoloxía, como poden ser os Centros Tecnolóxicos, Parques Tecnolóxicos, Viveiros e Asociacións Empresariais, incluídos as Plataformas e os Clúster.

Subsistema de explotación do coñecemento ou estrutura de produción rexional: Composto maioritariamente de empresas, especialmente das que mostran características sistémicas.

- b) Subsistema ou infraestrutura de apoio rexional, no que actuarían as organizacións gobernamentais e as axencias de desenvolvemento rexional.
- c) A cidadanía como beneficiaría da innovación social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos, foise afianzando unha traxectoria de políticas de innovación desenvoltas dende a Xunta de Galicia que propiciaron o fortalecemento e cohesión dun Sistema Galego de Innovación composto por un conxunto de axentes que conforman unha ampla oferta tecnoló-

xica e que reduciu significativamente a súa fenda tanto coas diferentes rexións españolas máis avanzadas así como coa media europea.

Dende a posta en marcha do primeiro Plan Galego de I+D+i, a economía galega está a medrar cara un modelo económico baseado na innovación e o coñecemento que faciliten o crecemento económico e a converxencia cos territorios europeos máis avanzados, mais aínda ten moito traballo por diante, retos dixitais e de transformación industrial sostible, aos que hai que sumar a crise económico social que se está a producir por mor da COVID19.

Factores limitantes:

- a) reducido tamaño medio das empresas: máis do 95 % das empresas son micropemes, o que condiciona a súa capacidade de absorción de novo coñecemento e de trasladar ao mercado novas innovacións. En concreto:
 - un menor enfoque a innovación
 - unha maior dificultade de acceso a financiamento para I+D+i
 - unha maior dificultade para captar persoal con formación adecuada
 - unha maior dificultade para coñecer e aproveitar os recursos e capacidades do sistema de innovación
- b) Estrutura produtiva con significativa presenza de sectores tradicionais e de menor intensidade tecnolóxica, que presentan menores niveis de adopción de tecnoloxías e de innovación, e maiores barreiras e limitacións.
- c) Limitada capacidade de atraer e reter talento e persoal cualificado
- d) Sistema de innovación con niveis de colaboración e integración insuficientes, especialmente entre os axentes de coñecemento e o tecido empresarial
- e) Esfuerzo insuficiente en investimento en I+D+i, sobre todo por parte das empresas
- f) Limitado nivel de integración nas cadeas de valor e de coñecemento globais
- g) Período de profundos e rápidos cambios globais:
 - xeopolíticos, reconfiguración das cadeas de valor a nivel mundial
 - demográficos, envellecemento
 - climáticos, sustentabilidade

Desafíos do Sistema Galego de Innovación:

- a) Transición cara unha estrutura produtiva e de servizos baseada no coñecemento e caracterizada por unha especialización disruptiva e sostible, que permita unha alta de tracción por parte do sector privado no eido da innovación e o coñecemento.
- b) Potenciar e aproveitar a excelencia dos centros de coñecemento, e a transferencia e difusión do coñecemento xerado, asegurando súa translación ao mercado.

- c) Necesidade de crear dinámicas sistemáticas de cooperación entre universidades, centros tecnolóxicos, organismos de investigación e empresas.
- d) Necesidade de estruturar unha oferta financeira e de apoios para a emprendeduría de base tecnolóxica e innovadora especializada e eficaz.
